

CORUÑA SPORT

EDICIÓN

TIME

EL PERIÓDICO DEL PARTIDO



RC DEPORTIVO / GRANADA CF



17/05/2025 · 16:15 H.

DÍA DAS
LETRAS GALEGAS



A FORZA DUN POBO, A PAIXÓN DUN CLUB

Los Hoteles Cristal 1 y 2 ofrecen a sus huéspedes una cálida bienvenida a la bahía coruñesa con vistas idílicas y sonidos oceánicos que dejan de lado el estrés de la ciudad e invitan a desconectar por completo.



CRISTAL
HOTELES

+34 981 148 738

- Hotel Cristal 1: Rúa Venezuela, 1, 15011 A Coruña, España
- Hotel Cristal 2: Avd. San Roque de Afuera, s/n 15011 A Coruña - España
- hoteles-cristal.com
- reservas@hoteles-cristal.com

ACEROoffice®

Equipamiento integral de oficinas



Fabricantes de mamparas divisorias
Equipamiento integral de oficinas y colectividades

📍 Pontido 25B - 15181 Cambre, A Coruña

www.ACEROoffice.com | info@aceroffice.com | T: 981 656 055

Ofrecemos nuestros servicios en A Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra

[CONTENIDO]

COLABORADORES	04
RC DEPORTIVO	07
EL VISITANTE	18
BERGANTIÑOS FC	24
POLIDEPORTIVO	49
MOTOR	52

EDITORIAL

“O Deportivo necesita dignidade, non despropósitos”

Hai momentos na historia dun club nos que importa menos o resultado da última xornada e máis a sensación de rumbo. O Deportivo da Coruña leva tempo dando sinais de alarma, pero o pasado 13 de maio deu outro paso cara ao esperpento institucional. Esta vez, o club decidiu montar un novo circo público, poñéndose en evidencia diante da súa propia cidade.

O motivo? Un concerto previsto para xuño de 2026, anunciado con máis de 14 meses de antelación polo Concello da Coruña e perfectamente recollido no convenio que rexe o uso de Riazor. Nada fóra do normal. Sen embargo, desde o club decidiron dramatizar a situación, convertela en munición política e utilízala, unha vez máis, como ferramenta de confrontación co goberno local. Unha estratexia tan absurda como irresponsable, que volve danar a imaxe da entidade sen gañar absolutamente nada a cambio.

A pregunta é inevitable: por que un club con tanta historia e arraigo na cidade actúa con semellante irresponsabilidade? Por que decide provocar un conflito inexistente e expoñerse, de novo, ao ridículo público? A resposta está na estrutura de poder que goberna o club: o verdadeiro presidente, o que move os fíos, é Juan Carlos Escotet.

Desde que Abanca se fixo co control accionario do Deportivo, Escotet manda. Primeiro con Antonio Couceiro, logo con Álvaro García Diéguez, ambos colocados como presidentes formais, pero sempre actuando como monaguillos do banqueiro. A dirección deportiva, a comunicación, as decisións estratéxicas... todo pasa polo filtro dunha propiedade que non entende de momento o que é o Dépor nin o que representa para esta cidade.

Mentres tanto, os cargos executivos seguen acumulando despropósitos. A presenza no Depor de directores xerais ou directores deportivos como os actuais, máis centrados en xenerar crispación que en traballar por un club mellor, representa o fracaso dun modelo baseado na repotencia, no amiguismo e na desconexión absoluta coa realidade social e sentimental da Coruña.

O deportivismo está farto. Farto de promesas baleiras sobre Europa, de soñar con derbis que semellan ciencia ficción, de palabras rimbombantes e feitos que só provocan vergoña. Farto dunha xestión que converteu o ascenso a Segunda nun camiño de catro longos anos. Farto, tamén, dun club que xa non sente como seu, senón como unha estrutura ocupada por intereses alleos ao sentimento.

O que vivimos no Dépor non é fútbol, é un sistema clientelar. É un club que perdeu o norte, a súa identidade e, o que é peor, o respecto pola cidade que o fixo grande. Porque o Dépor é moito máis: é cultura popular, é memoria, é dignidade.

E a dignidade, amigas e amigos lectores, non se negocia.

Álvaro Aldrey

GRACIAS

QUEREMOS DAR LAS GRACIAS A TODOS NUESTROS LECTORES POR LO CUAL HEMOS ALCANZADO TAN ALTA CUOTA DE PARTICIPACIÓN EN LAS REDES SOCIALES.

HEMOS SUPERADO LAS 550.000 IMPRESIONES ENTRE LAS 3 REDES SOCIALES.

J.L. PUBLICACIONES S.L. informa que: Al amparo del Art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, queda totalmente prohibida la reproducción total o parcial de artículos, fotografías y anuncios de esta publicación, sin autorización escrita de la Editorial. La Editorial no se responsabiliza de las opiniones, fotos y contenidos de sus colaboradores.

Si desas expresarnos tu opinión sobre nuestros números, comentarnos alguna sugerencia o te interesa encontrar algún tema en especial, por favor, hánznoslo saber en la dirección de correo electrónico: info@jlpublicaciones.com

Síguenos en www.galiciasport.com y en las Redes Sociales:



STAFF

EDITA

JL PUBLICACIONES S.L.
AVDA. BUENOS AIRES, 5 - BAJO 2
15004 A CORUÑA

ATENCIÓN AL CLIENTE

881 124 648
698 140 808

E-MAIL: INFO@JLPUBLICACIONES.COM
WEB: WWW.JLPUBLICACIONES.COM

DIRECCIÓN

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

REDACCIÓN

ÁLVARO ALDREY

DISEÑO Y MAQUETACIÓN

ANDREE MONTESINOS

PUBLICIDAD

CRISTINA OTERO
MERY TENREIRO
SALVADOR GONZÁLEZ
RODRIGO MARUGA

ADMINISTRACIÓN

EVELIN RUBERTE

FOTOGRAFÍA PORTADA

RC DEPORTIVO

DEPÓSITO LEGAL: C-1553-2018



COLABORADORES

PILY PARDO
DONATO GAMA
RAÚL INFANTE
JORGE URIACH
FERNANDO BLANCO
JORDI URIACH
ANTONIO RUIBAL



CAMPUS VIII DONATO

2 SEMANAS JULIO

DEL 14 AL 18 Y DEL 21 AL 24

DE 09:00 A 14:00

140€ SEMANA 1
120€ SEMANA 2

OFERTA 210€
2 SEMANAS

inscripciones
636 362 836

INSTALACIONES DEPORTIVAS
DE LA TORRE

CAMPAMENTOSCORUNA@GMAIL.COM
WWW.CAMPAMENTOSCORUNA.COM

JORGE URIACH

"Só para ir tirando?"

A estas alturas da tempada xa non vale agocharse detrás dos números. O Deportivo marcha na metade da táboa, sen sobresaltos, pero tamén sen cumprir as expectativas que calquera club coa súa historia e afección debería ter como mínimo. O preocupante non é só o resultado final, senón a sensación xeral de que falta unha dirección clara para dar o salto que este proxecto necesita.

Quizais por iso, o de darse catro anos para lograr o esperado salto a Primeira. Durante toda a tempada, o Dépor navegou sen un rumbo firme. Amosou momentos brillantes, con diferentes goleadas, pero tamén caídas anódinas nos partidos seguintes. Foi un equipo correcto, digno, pero sen ofrecer unha versión fiable e constante. Nunca deu un paso adiante real.

Agora, o nome de Óscar Gilsanz está no centro do debate. ¿Debe continuar á fronte do banco? ¿É momento de pechar ciclo? As opinións están divididas. Se se aposta pola súa continuidade, terá que ser con recursos e cun proxecto serio. Non chega con "ir tirando".

Xunto ao banco, tamén hai que mirar aos despachos. A figura de Fernando Soriano non pasou desapercibida para a opinión pública. Ser director deportivo do Dépor implica moverse nun entorno complexo, case como facer un máster intensivo en fichaxes. E as últimas incorporacións non lle permiten acadar unha boa nota pola súa xestión. A vindeira plantilla deberá ser máis ambiciosa, máis completa, máis preparada para competir na parte alta. E iso dependerá directamente do acerto no mercado.

A realidade é clara: o Deportivo non pode permitirse outro ano de transición. Quedar a medio camiño nas promesas xa non vale. É momento de ser honestos e dar respostas reais. A afección non merece menos.

Agora chegan os últimos partidos. Moitos dirán que xa non hai nada en xogo, pero non ten por que ser así. Estes encontros son a mellor oportunidade para demostrar compromiso, para saber quen segue enchufado e quen xa está coa mente nas vacacións. Veremos que versión amosa o Dépor. Porque as excusas xa se esgotaron para este curso.

Parabéns ao Dépor Abanca pola permanencia na Liga F. E tamén ao Deportivo Xuvenil, que está a piques de acadar un éxito notable da man de Miguel Figueira. Ou así mo parece..



FERNANDO BLANCO

"Un final digno para mirar cara adiante"

Rematou a tempada catro xornadas antes do previsto, pero podemos dicir que foi un final digno. Lonxe do 'play-off', si, pero salvados con


autoridade despois dunha primeira volta preocupante. Na xornada 12 tiñamos só 10 puntos, e aí apareceu Óscar Gilsanz para darlle rumbo a un equipo que parecía afundido. Soubo reaccionar, sumar puntos e, o máis importante, confiar na base. Mella, Yeremay, Barcia, Diego... xogadores que medraron con minutos e responsabilidade. E agora, nestes partidos finais, vemos como nomes como Cristian Herrera, Zaca ou Tasic teñen tamén o seu momento. Oxalá serva este curso para tomar decisións mellores no futuro.

O traballo de Óscar foi excelente. Por iso creo que merece seguir. Pero sendo sincero, teño dúbidas de que o club aposte por el. Xa houbo contactos con outros adestradores e iso sempre é indicativo. Mesmo con Soriano, que ten contrato, nada está garantido. Neste club sabemos que ter contrato non sempre significa continuidade.

Hai moito que mellorar. Fichaxes que non funcionaron, un banco que non aportaba, falta de gol... Volveuse evidente a necesidade dun dianteiro que asegure 15 goles, dun mediocentro con criterio e dunha defensa sólida. Xa hai equipos movéndose no mercado, e o Dépor non pode quedar atrás.

E logo está o Fabril. Se ascende, hai que reforzalo. Non se pode desvestirse un santo para vestir outro. Pero tamén é certo que hai rapaces como Kevin, Mardones ou Alfaro que poden dar o salto. Hai que saber combinar: 18 profesionais e completar co que temos na casa. Non pode haber outro verán perdido.

A 24/25 xa está pechada. Agora toca planificar coa cabeza fría e os pés na terra. Porque se algo nos deixou claro esta tempada, é que cando se xeran dúbidas e se traballa con pouco sentido, costa ver luz ao final do túnel.



8 EXPERIENCIAS
INMERSIVAS DE
REALIDAD VIRTUAL

ZERO
LATENCY VR

SIN MOCHILAS. SIN CABLES.
SIN LÍMITES. FREE ROAM.

RESERVA YA



EVENTOS Y RESERVAS
PRIVADAS DISPONIBLES

DESCUBRE:

- WARHAMMER 40K
- FAR CRY
- SINGULARITY
- OUTBREAK



RAÚL INFANTE

"O Deportivo non pode vivir instalado na ambigüidade"

O Deportivo ten que decidir que quere ser. Non se pode vivir eternamente nun espazo indefinido entre a frustración, a resignación e a esperanza. Nin sequera o estilo de xogo está claro: o equipo vai ao centro, non hai pase en profundidade, carece de futbolistas que xeren perigo real por dentro. Os xogadores semellan robots. O xogo pasa polo medio tamén, pero ahí falta desequilibrio, valentía e intención.

O choio que tivemos con Yemay e Mella foi perfecto. Gustaríame ver máis xogadores soltándose co balón, tentando cousas, atrevéndose. Hai xogadores que non foron tan malos como parecía cando non tiñan minutos. Agora que a permanencia está asegurada, hai que darlle valor a esas oportunidades.

O Fabril mantén viva a loita polo ascenso. Gañar en Murcia sería un paso de xigante, e a promoción está aberta. Mágoa da lesión de Ferreiro, que será dúbida para o seguinte partido. Parabéns aos xuvenís, que fixeron un gran partido e non terán problema para clasificarse para a final a catro da Copa de Campións.

Mentres, o primeiro equipo vive instalado na calma cómoda. Todo parece quedar no aire, como se o feito de asegurar a categoría fose suficiente. Non o é. A planificación da tempada deixou moito que desexar. Haberá que fichar sete, oito, dez xogadores. E non se trata só de cantidade. Trátase de acertar. E iso non se consegue sen ter unha idea clara de xogo, sen unha dirección firme desde a directiva, sen un adestrador ao que se lle dean ferramentas de verdade.

Agora mesmo, Gilsanz merece continuar. Sabe o que quere e sabe facerse entender. Pero se a súa renovación é simplemente por cumprir, sen apoio nin estrutura, será outra solución interina. E xa houbo demasiadas.

Os equipos que acadan o éxito non son os que máis gastan, senón os que mellor elixen. O Dépor precisa menos inercia e máis criterio. Menos ambigüidade e máis decisión.



JORDI URIACH JR.

"Calma incómoda"

Cando se chega ao final da tempada sen obxectivos reais polos que loitar, é doado caer na trampa de pensar que todo está máis ou menos en orde. Que se fixo un traballo bo, que se cumpriu co mínimo. E si, o Deportivo asegurou a categoría, pero desde dentro quero pensar que ese é só o punto de partida. Non o destino.

Este é o momento no que os responsables, mesmo cando non o din en voz alta, poñen notas. Avalían. Que xogadores responderon, quen deu un paso adiante, quen quedou curto. Que decisións funcionaron. Que perfís hai que reforzar. O Deportivo non é unha excepción. Se quere volver competir polo que realmente importa, ten que examinarse con honestidade.

A tempada foi, sobre todo, unha proba de resistencia. O Dépor logrou estabilizarse tras un inicio irregular. A chegada de Óscar Gilsanz deulle ao equipo unha estrutura máis sólida, un bloque con menos fendas. Pero tamén é evidente que faltou algo máis: desborde, convicción ofensiva, colmillo. Sempre por diante o feito de que Segunda é unha liga moi esixente, pero todos queremos máis do Deportivo.

Tacticamente, o equipo estivo ben traballado en defensa e foi un conxunto organizado. Pero arriba faltou claridade, recursos e, sobre todo, gol. Yemay foi o máis regular nesa faceta, pero non debería cargar con esa responsabilidade el só. Os dianteiros non estiveron á altura da esixencia. E se falamos de planificación, este é un dos aspectos crave a revisar.

E sobre o banco, hai unha pregunta que flota no aire: ¿é Gilsanz o adestrador axeitado para liderar unha tempada de ascenso? Cumpriu nun momento difícil, estabilizou o equipo, soubo manexar o vestiario. Pero renovar por cumprir non abonda. Hai que crer que pode levar ao Dépor a loitar por todo. Se se aposta pola súa continuidade, debe ser unha decisión firme, non unha solución interina disfrazada de proxecto. A min persoalmente agradaríame que renovase, pero obviamente habería que poñerlle ferramentas na man para afrontar o reto de aspirar ao ascenso.

Agora veñen partidos sen presión clasificatoria, pero con moita información útil. O Dépor enfróntase a equipos que se xogan a vida. Como reto final, pediríalle estar á altura e competir como o faría un equipo con aspiracións. Porque nese tipo de detalles tamén se ve a ambición dun grupo.

E é que o verdadeiro perigo, agora, non é perder. É conformarse.



CERRAMOS POR DESCANSO
LOS DOMINGOS TARDE Y LUNES TODO EL DÍA

aria.mesonpulpeira

A Ría



Mesón - Pulpeira

981 663 142

Paseo dos Templarios, 5 - O Temple - Cambre



Jamones y Embutidos Ibéricos
Quesos

Productos de
"Cerdo Celta"

Vinos - Conservas
Delicatessen

C/ San Vicente, 44 | Telf.: 981 238 282 | 15007 A CORUÑA



San Nicolás, 38
15001 A Coruña

☎ 981 923 308

☎ 673 748 999

antoxos.seigar@gmail.com

ESTADIO ABANCA RIAZOR

SÁBADO 17 MAY 2025 · 16:15 H.



RC DEPORTIVO

VS



GRANADA CF

El Tío Juan



Disfruta de todo el deporte, Fútbol,
Moto GP, Fórmula 1,
Premier League
AMPLIA TERRAZA

C/ Rafael Alberti A Coruña
Tel: 881 067 613

CAÑÁS
Panadería - Pastelería



Rúa Belvis de Paleo, n.º 3 CARRAL · 15175 A Coruña

☎ 981 672 652



RC DEPORTIVO

DECORACIONES DE INTERIORES

José Luis

Pintura Estores Cortinas Alfombras
Papel Decoración Diseños Asesoramiento

Información **630 692 132**



Comedor privado

Todos los jueves
gran cocido de
A fonsagrada

Desayunos
Īapas
Comida Casera

Avda. Ernesto Che Guevara, 11
15172 Santa Cristina - Oleiros - A Coruña
e-mail: paradavellahosteleria@yahoo.es
[facebookparadavellahosteleria](https://www.facebook.com/paradavellahosteleria)
Telf: 981 637 061



Rúa Río de Canles 1
15.175 - Carral (A Coruña)

981 671 370



Miércoles, Jueves y Domingo
Abierto de 12:00 a 17:00

Viernes y Sábado
Abierto de 12:00 a 17:00 y de 20:00 a 01:00
Lunes y Martes Cerrado

Postre casero, fruta, yogur o helado
13.5 € sin café y con café 15 € con café

Carne madurada - Comida tradicional Gallega - Pescados - Mariscos - Amplia bodega - Destilados



UN FINAL SEN PREMIO E CON MOITAS LECCIÓNS

O Deportivo afronta os últimos tres partidos sen obxectivos deportivos en xogo.



Con tres xornadas por disputar e o equipo xa fóra de perigo, o deportivismo respira, pero non celebra. E non o fai porque salvar a categoría debería ser un paso intermedio, non un final de tempada. O Deportivo é, xunto co Zaragoza, o club de maior historia da Segunda División. E partiu, oficialmente, co terceiro límite salarial máis elevado da categoría. Con estes ingredientes, aspirar ao simple alivio da salvación é, sen dúbida, unha renuncia ao que o club representa.

O escenario da xornada 12 era crítico: antepenúltimo, sen rumbo, sen rendemento. A chegada de Óscar Gilsanz puxo orde e estabilidade, e permitiu cambiar a inercia para afastarse da zona baixa con tempo. Ese traballo merece recoñecemento, pero o balance global do curso continúa sendo insuficiente para un club con tanto potencial.

Un equipo mal feito para competir

Os erros de planificación da dirección deportiva lastraron o rendemento desde o inicio. Fallouse nos fichaxes de verán, fallouse en inverno, e o equipo tivo que competir boa parte da tempada sen a súa referencia, Lucas Pérez, tras unha saída mal xestionada. A sensación de desequilibrio, de falta de profundidade e de recursos desde o banco foi unha constante. Neste contexto, o feito de salvarse con marxe é positivo, pero tamén evidencia que o Deportivo está estruturado para moito máis. A nivel institucional, formativo e social, o club está preparado para dar un salto cualitativo. Só falta o máis importante: que o proxecto deportivo estea á altura.

Un final sen presión, pero con oportunidades

Granada, Zaragoza e Elche serán os últimos rivais do campionato. Tres partidos sen presión clasificatoria, pero con moito valor simbólico e interno. Son encontros que deben servir para que xogadores menos habituais poidan demostrar que teñen sitio no futuro do Deportivo. Para que a esixencia non desapareza, mesmo sen obxectivos oficiais.

O punto de inflexión necesario

Este final de tempada non pode quedar en terra de ningúen. A dirección do club debe tomar nota, marcar liñas vermellas e esixir resultados acordes co investimento realizado. O Deportivo ten todo para loitar por ascender, pero debe facelo cun proxecto serio, ambicioso e con decisións deportivas acertadas. Non abonda con estar ben en case todo. Hai que estar ben tamén no terreo de xogo. A tempada 2024/25 debe marcar un antes e un despois. Porque se algo quedou claro este curso é que o Deportivo non pode permitirse outro ano de mediocridade.

CARNES Y PESCADOS A LA BRASA



GILSANZ, O ADESTRADOR QUE RECONNECTOU AO DEPOR

Chegou co equipo antepenúltimo, endereitou o rumbo e asegurou a categoría con catro xornadas de marxe.



Cando Óscar Gilsanz colleu o primeiro equipo do Deportivo na xornada 12 da tempada 2024/2025, o equipo era antepenúltimo e o panorama era desolador. Nin rendemento colectivo, nin equilibrio, nin liderado dende o banco. Pero a súa chegada marcou un punto de inflexión. O técnico de Betanzos mellorou ao equipo desde o primeiro momento, cun plan claro e rigor táctico. O Dépor deixou de ser un equipo vulnerábel a balón parado e pasou a competir cada encontro de igual a igual, fose cal fose o rival.

Estratexia, orde e competitividade

Un dos sinais máis evidentes do cambio estivo nas xogadas de estratexia: ata a súa chegada, o Deportivo non marcara ningún gol a balón parado. Agora mesmo é dos equipos máis produtivos nesas accións. Pero o cambio foi moito máis profundo. Gilsanz ordenou o equipo sobre o terreo de xogo, reforzou a disciplina defensiva e transmitiu seguridade. Esa estrutura permitiulle competir incluso nas fases máis adversas da tempada, sen Lucas Pérez, sen reforzos que achegaran o agardado e cun cadro limitado moitas veces por sancións e lesións.

Un técnico preparado e con pegada

A súa media de puntos é incuestionábel. En contexto adverso, sen pretemporada, sen marxe de erro, superou todos os retos con discreción, solvencia e personalidade. O seu traballo non só salvou a tempada: evitou que o Deportivo caese nun escenario que xa viviu en épocas recentes e que ameazaba con repetirse. Sen Gilsanz, o curso puido rematar en nova traxedia. Con el, o equipo acadou a permanencia con catro xornadas de marxe e unha melloría competitiva evidente.

Coñecedor da casa, referente para o futuro

Óscar Gilsanz non é un nome alleo ao deportivismo. Foi campión de España co xuvenil, levou ao Fabril a Segunda RFEF e agora reconduce ao primeiro equipo nun dos momentos máis claves dos últimos anos. Coñece Abegondo coma ninguén. Coñece cada recuncho do club, cada talento que emerxe desde a base, cada valor que fixo grande ao Deportivo.

A aposta obrigatoria

A día de hoxe, o club aínda non lle ofreceu a renovación. E tratándose dunha dirección deportiva que leva anos acumulando erros e que fallou en todos os mercados desde a súa chegada, todo é posible. Pero o sentido común dicta unha única saída: Gilsanz debe liderar o novo proxecto. Non hai debate.

Imaxinemos o que pode facer se conta cunha pretemporada, cun cadro equilibrado e cunha planificación acorde ao potencial económico do Deportivo. Se foi quen de revertir unha situación límite sen medios nin tempo, con confianza plena pode ser o alicerce sobre o que construír o futuro. O Dépor precisa seguir recuperando identidade, estabilidade e ambición. E non hai mellor punto de partida ca un adestrador que coñece o club por dentro, que sabe competir e que xa demostrou estar á altura. O futuro pasa por el.



KIUSAO
KUNG FU

ESCUELAS
WING CHUN &
ARTES MARCIALES

POTENCIA TUS HABILIDADES, CREA TU DESTINO Y EQUILIBRA MENTE Y CUERPO

Fisioterapeuta

Técnico Deportivo

Cinturón Negro 5º DAN

Maestro de Entrenadores FELODA

20 años de experiencia en Artes Marciales

Instructor profesional de Wing Chun de adultos e infantil

Fundador de las Escuelas de Wing Chun KIOUSAO KUNG FU

Clases presenciales, clases online, clases privadas y vídeo-clases



MAESTRO SIFU JUAN SALDEÑO

C/ Seavella, 7 (San Pedro de Visma) A Coruña
661 778 091 (WhatsApp disponible)

kiusaokungfu.com



O RETO DO QUINTO MERCADO: SORIANO OBRIGADO A ACERTAR

O actual director deportivo leva catro mercados á fronte das operacións do club cun balance moi discutido.



Desde a súa chegada no verán de 2023, Fernando Soriano asumiu o liderado da dirección deportiva do Depor coa responsabilidade de construír un proxecto sólido, ambicioso e á altura da historia do club. Case dous anos despois, e tras catro mercados de fichaxes, o balance é preocupante.

A súa primeira tempada, 2023/2024, quedará marcada pola caída do equipo a postos de descenso a Segunda RFEF e por un ascenso que chegou pola vía máis sufrida posible. A planificación foi débil, sen equilibrio nin fondo de armario, e foron os canteiráns, o compromiso do vestiario e xogadores como Lucas Pérez —que regresara antes da chegada de Soriano— os que conseguiron revertir a situación. Nesa campaña, só José Ángel e Pablo Vázquez poden considerarse incorporacións de certo rendimento. Tamén a de Ximo, pero ahí pouco tivo que ver a dirección deportiva, senón Lucas Pérez, íntimo amigo do gran lateral andaluz e gran valedor para a súa incorporación ao Depor.

Un paso á Segunda sen base firme

En lugar de consolidar un proxecto máis competitivo tralo ascenso, o equi-

po volveu evidenciar graves carencias en Segunda División. A tempada 2024/2025 comezou con mal pé: a aposta pola continuidade de Imanol Idiakez resultou fallida, e o equipo afundiuse na clasificación. Soriano intentou dirixir o cambio no banco, pero foi o dono do club, Juan Carlos Escotet, quen tomou a decisión clave: confiar en Óscar Gilsanz, técnico do filial. A súa chegada foi un punto de inflexión. O Deportivo pasou do antepenúltimo posto á metade da táboa, asegurando a permanencia con certa marxe.

Só tres acertos en catro mercados

Ao longo dos catro mercados de fichaxes xestionados por Soriano, o número de operacións foi elevado, pero os acertos reais contan por unidade. A José Ángel e Pablo Vázquez na primeira campaña, únese nesta Helton Leite, porteiro de rendemento moi notable. O resto de nomes —Davo, Juan Gauto, Mohamed Bouldini, Álex Petxarromán, Cristian Herrera, Tosic, Patiño...— non responderon ás expectativas. Nin en impacto inmediato nin en proxección.

O caso de Cristian Herrera é especialmente significativo: poucos minutos, dous goles, e aínda así renovación automática. A súa conexión previa con Soriano no Ibiza fai difícil defender a operación dende un punto de vista puramente deportivo.

A marcha de Lucas e a perda de liderado

A saída de Lucas Pérez, xogador clave tanto no campo como no vestiario, foi outro dos episodios que deixou sinalada á dirección deportiva. Os responsables dela non foron quen de convencelo para continuar, e a súa ausencia sentiuse nun equipo que perdeu calidade, personalidade e un gran referente para a afección e o grupo.

O último tren para a dirección deportiva

Agora, Soriano prepara o seu quinto mercado. A súa continuidade está totalmente en cuestión, e a súa credibilidade máis todavía. O Deportivo, que leva anos loitando por saír do bucle da inestabilidade, precisa certezas, rendemento e dirección. E iso pasa, inevitablemente, por acertar de forma clara e contundente neste novo ciclo de fichaxes.

O tempo das excusas rematou. O próximo paso marcará o rumbo dun club que non pode permitirse máis erros.



Especialidad en
**CARNES, PESCADOS
Y MARISCOS
A LA BRASA**



LA
ESCON
DITA

Abierto de **Martes a Domingo**



Plaza María Pita, 1 B bajo
Reservas: **610 41 54 54**



@laescondita_coruna

A BOCHORNOSA RENOVACIÓN DE CRISTIAN HERRERA

O xogador anunciou a súa continuidade automática no Depor por unha tempada máis.



Pouco máis de 400 minutos xogados, dous goles e dúas asistencias. Con ese balance, Cristian Herrera anunciou en rolda de prensa a súa renovación automática co Deportivo por unha tempada máis. O propio futbolista desvelou a nova, sen que o club comunicase nada previamente. E o impacto foi inmediato: incredulidade, malestar e unha sensación de desconexión absoluta entre a dirección deportiva e a realidade da bancada.

Resulta imposible atopar un só argumento deportivo que sosteña unha renovación destas características. Trátase dunha das decisións máis inexplicables

en décadas dentro do club. Porque non estamos ante un erro máis dunha dirección deportiva que leva acumulando moitos, senón ante unha mostra flagrante de algo que vai moito máis alá do puramente futbolístico.

Amiguismo, falta de rigor e desprezo ao deportivismo

A única explicación posible para esta prórroga contractual é o amiguismo. Herrera xa coincidira no pasado con Fernando Soriano e Massimo Benassi no Ibiza, e todo apunta a que esa relación foi suficiente para traer ao xogador a Riazor... e agora tamén para mantelo. Pero o Deportivo non é un xoguete ao servizo de relacións persoais. É un club cunha masa social enorme, milleiros de accionistas e un prestixio que cómpre respectar.

Decisións coma esta son un insulto á intelixencia do deportivismo. Non se trata dun erro puntual, asumible dentro do traballo dunha dirección deportiva. Trátase dunha operación que pon en cuestión a ética profesional dos que asinan contratos en nome do club. E iso é gravísimo.

O silencio do club e a responsabilidade presidencial

Ante a magnitude do escándalo, sorprende aínda máis o silencio do club. Ninguén deu explicacións, ninguén asumiu responsabilidades. O presidente, Juan Carlos Escotet, tampouco deu sinais de reacción. Pero a pregunta xa non é que fai Soriano, senón ata cando o máximo mandatario do Deportivo vai seguir tolerando esta deriva. Porque hai decisións que poden saír mal, e outras que non se deben permitir baixo ningún concepto.

O deportivismo leva demasiado tempo soportando decepcións. Pero tamén merece respecto. E o que está a acontecer na parcela deportiva é un síntoma máis dun club que, salvo contadas excepcións, está moi mal dirixido no que realmente importa: o campo.

Consecuencias urxentes ou máis erosión

A renovación de Cristian Herrera debe ter consecuencias. E non só para quen a asinou. Tamén para quen a permitiu. O club non pode seguir asumindo operacións que desacreditan o escudo e o proxecto. Se a presidencia non actúa, o problema deixará de ser Soriano para ser algo moito máis fondo. A estrutura deportiva do Deportivo necesita orde, profesionalidade e esixencia. E iso comeza por cortar de raíz este tipo de decisións. Xa non hai espazo para máis silencios.

VEN Y SALTA SIN PARAR

INDOOR TRAMPOLINE PARK

CENTRO COMERCIAL PARQUE OLEIROS

RESERVA YA TUS ENTRADAS EN www.urbanplanetjump.es/oleiros



SERVICIOS Y LIMPIEZAS INDUSTRIALES
TRANSPORTISTA PROFESIONAL DE RESIDUOS
GESTIÓN DE RESIDUOS

 **659 299 276 · 627 276 124**

administracion@portodepaula.com
limpiezaportodepaulacoruna.es
C/ Portomazás, 4 · 15317 ARANGA (A Coruña)





FEMABLAN

NUESTROS SERVICIOS



Reparación de electrodomésticos



Reparación e instalación de sistemas de calefacción



Reparación de equipos sanitarios Roca



Servicio de mantenimiento de calderas



Venta e instalación de Aerotermia



Servicio técnico oficial



CONTRATA CON NOSOTROS LA REVISIÓN O MANTENIMIENTO DE TU CALDERA CON ENTREGA DEL CERTIFICADO DE INDUSTRIA

- **Sector Telecomunicaciones:** Instalación y reparación de antena terrestre, antenas, parabólicas TV, antenas parabólicas para internet, antenas para recibir voz y datos a través de WIFI, instalación de redes de voz y datos a través de parabólicas, fibra óptica, cable trenzado UTP/STP.
- **Sector audio:** Instalación y reparación de hilo musical, sonido ambiental, o amplificación de sonido en pequeñas instalaciones (cafeterías, pubs, etc.)
- **Sector línea marrón:** Instalación de TVs grandes tamaños y vídeo proyectores.
- **Sector seguridad:** Instalación y reparación de alarmas por cable, por wifi, conectadas por GSM o bien por Internet sin cuotas, cerramientos, portales automáticos.
- **Sector CCTV, vídeo vigilancia:** Instalación y reparación de cámaras 5 EN 1, cámaras IP, grabadores y todos sus componentes, vídeo porteros, etc.

CONTÁCTANOS

sat@femablan.es

981 070 084

618 695 101

www.femablan.es

Calle Barcelona, 79 Bajo 15010 A Coruña

UN VERÁN PARA DESFACER: O DEPORTIVO ATRAPADO EN 31 CONTRATOS

A entidade herculina afronta un verán clave cunha das situacións máis complexas das últimas campañas.



A tempada aínda non rematou e o Deportivo xa ten confirmados 31 xogadores con contrato en vigor para o curso que vén. Unha cifra insostible para calquera club de Segunda División e aínda máis grave nun contexto de límite salarial como o da Liga de Fútbol Profesional. Esta acumulación de contratos non é froito do azar, senón dunha política deportiva marcada polos erros e a improvisación.

As renovacións automáticas sen rendemento —como a recentemente coñecida de Cristian Herrera— e as fichaxes sen impacto ou continuidade xeraron un tapón que obriga o club a tomar decisións duras e, sobre todo, custosas.

Só valen 13 ou 14 xogadores

Da trintena de futbolistas con contrato, só 13 ou 14 contan realmente para o

futuro proxecto deportivo. Isto implica que o club deberá buscar saída para preto de 18 xogadores, xa sexa mediante rescisións, cesións ou desvinculacións pactadas. E cada unha desas operacións leva consigo un custo. A factura económica será alta e afectará directamente ao límite salarial dispoñíbel para reforzar o equipo.

Nunha categoría como a Segunda División, ese límite marca a diferenza entre pelexar por xogadores de empaque e contrastados ou quedar outra vez atrapado na mediocridade.

As cesións tampouco ofrecen solucións claras

Do grupo de xogadores cedidos esta tempada, só Rubén López semella ter garantida a súa continuidade no cadro da 2025/2026. Luis Chacón comezou ben en León, pero foi claramente de máis a menos. Iano Simao, que xogou case todo co Arenteiro, é outro dos poucos nomes con posibilidades, aínda que non está claro se entrará nos plans do primeiro equipo. O resto non ofrece argumentos para pensar nun retorno con garantías.

Un verán de máxima esixencia para Soriano

Este escenario deixa a Fernando Soriano ante o verán máis decisivo da súa carreira. Cunha imaxe moi danada entre o deportivismo e sen marxe de erro, xógase non só a súa continuidade no Dépor, senón tamén o seu futuro como director deportivo na LFP. Porque nin os resultados, nin a xestión, nin as operacións realizadas nos seus catro mercados amosan sinais de confianza.

Con 31 contratos sobre a mesa, un límite salarial condicionado e unha esixencia social ao límite, o risco de colapso organizativo é real. Soriano terá que desfacer antes de facer. E visto o seu historial, poucas garantías existen de que sexa capaz de realizar ese exercicio con éxito.

Conclusión: tempo de decisións, non de escusas

O Deportivo ten estrutura, masa social e capacidade para ser grande. Pero segue sendo vítima das súas malas decisións no único ámbito que verdadeiramente importa: o deportivo. Este verán non será un máis. Será un punto de inflexión. E se o club quere construír algo serio, terá que empezar por desmontar, sen sentimentalismos nin compromisos persoais, o que hoxe é unha das plantillas máis descompensadas da categoría. As decisións que se tomen agora marcarán o futuro a curto e medio prazo.

RESTAURANTE • CERVECERÍA

Torre Internacional

PARRILLA • RACIONES • PLANCHA

RESERVAS
881 968 627

Av. Navarra, 53 • 15002 A Coruña

ESCAÑA NUESTRA CARTA





UN NOVO CONFLITO EN RIAZOR: FÚTBOL, CULTURA E FALTA DE DIÁLOGO

O Depor emitiu unha nota dura contra o Concello pola programación dun concerto no Estadio de RIAZOR.



O Estadio ABANCA-RIAZOR volve situarse no centro dun conflito institucional. O Deportivo fixo público un comunicado no que manifesta a súa “incredulidade” ante a decisión do Concello da Coruña de programar un concerto do grupo El Último de la Fila para o 13 de xuño de 2026, sen consulta previa co club, que é usuario e responsable do mantemento da instalación. A situación, segundo a versión do Deportivo, comprometería a posible disputa dun hipotético play-off de ascenso a Primeira División, aínda que o calendario oficial da competición non será publicado ata finais deste mes de maio.

O comunicado, especialmente duro en ton e contido, denuncia a “falta de respecto institucional” e ameaza con accións legais. Tamén se apunta ao dano que este tipo de eventos podería causar no céspede de Riazor, recentemente renovado con fondos do propio club.

O contexto: precedentes e advertencia de prudencia

Porén, este non é o primeiro comunicado contundente emitido pola actual dirección xeral do Deportivo. En anteriores ocasións, certas afirmacións da entidade foron desmentidas ou matizadas posteriormente polos feitos ou polas respostas doutras administracións. A alcaldesa Inés Rey, sen ir máis lonxe, xa respondeu con firmeza noutros episodios a declaracións ou posicionamentos do director xeral do club, Massimo Benassi, principal impulsor desta liña de confrontación directa.

A realidade actual impón prudencia. O calendario oficial aínda non se coñece, e o Concello aínda non deu a súa versión sobre esta situación concreta. Cómpre agardar a ver se, como en anteriores ocasións, o tempo desmonta as formas e os argumentos expostos polo club.

Cultura e deporte, dúas patas dunha mesma cidade

Máis alá da polémica puntual, o que resulta evidente é que A Coruña non pode permitir unha relación institucional baseada na confrontación continua entre dúas das súas grandes referencias públicas: o RC Deportivo e o Concello. Un estadio como Riazor debe estar ao servizo da cidade, pero tamén require planificación, diálogo e respecto mutuo. Os eventos culturais son positivos e dinamizadores, sempre que non entren en conflito directo co uso deportivo.

Neste sentido, o que cómpre non é unha guerra de notas de prensa, senón un marco estable de coordinación e entendemento. A implantación dun protocolo real e vinculante, como pide o club, parece razoábel. Pero debe chegar desde o consenso, non desde a imposición ou a presión pública.

Conclusión: falar antes de sinalar

O Deportivo ten razón ao reclamar previsión e respecto polo seu traballo diario. O Concello, pola súa banda, tamén ten dereito a dinamizar os espazos públicos. A solución, coma case sempre, pasa por falar. E por falar antes de sinalar. En tempos nos que a cidade necesita cohesión, a confrontación institucional só contribúe a xerar ruído e confusión.

Veremos se este episodio segue o guión doutros anteriores ou se, por fin, abre a porta a un entendemento que beneficie a todas as partes. Porque se hai algo claro é que nin o Deportivo nin A Coruña poden permitirse seguir actuando de costas.



Aguas do Paraño
 AGUA EMBOTELLADA
 REPARTO A DOMICILIO,
 EMPRESAS, ALQUILER Y
 VENTA DE FUENTES Y
 DISPENSADORES

Aitor Distribuciones
 698-179-888
 aitor@aguasdoparanocoruna.es

www.aguasdoparanocoruna.es

Rúa Bel 10C Polígono Espíritu Santo
 15165 Bergondo (La Coruña)



TOSTAS
TOASTS

SURTIDO IBÉRICO
IBERIAN ASSORTMENT

SANDWICHES
SANDWICHES

TAPAS Y RACIONES
TAPAS AND PORTIONS

Elite
Cocina tradicional desde 1992
PARA LLEVAR - TAKE AWAY

ENSALADAS
SALADS

REVUELTOS
SCRAMBLES

PESCADOS
FISH

CARNES
MEAT

POSTRES
DESSERTS

Telf: 981 213 857 Zalaeta, 24 - 15002 - La Coruña

O DEPOR ABANCA CUMPRE O OBXECTIVO DA PERMANENCIA E MIRA AO FUTURO

O equipo feminino do Deportivo logrou a permanencia na Primeira con sufrimento, pero tamén con mérito.



ODeportivo ABANCA cumpriu o seu obxectivo principal da tempada: manterse na elite do fútbol feminino español. Fíxoo a falta dunha xornada para o final do campionato, tras sumar o punto definitivo ante o Sevilla. A última xornada, fronte ao Madrid CFF, será xa sen presión clasificatoria. Non foi un camiño fácil. A tempada comezou con moitas dificultades e con Irene Ferreras no banco, o equipo só puido sumar seis puntos nas once primeiras xornadas. Esa situación obrigou a un cambio de rumbo. Ferreras foi cesada e chegou Fran Alonso, que pouco a pouco logrou darlle forma e identidade ao equipo. Con Alonso, o Deportivo sumou 21 puntos en 18 partidos, unha media suficiente para asinar a salvación nunha categoría cada

vez máis esixente. Houbo momentos de incerteza nas últimas semanas, pero o equipo soubo sufrir, resistir e pechar o curso con solvencia.

As claves: seguridade, liderado e compromiso

Na portería, a internacional portuguesa Inês Pereira foi indiscutible durante toda a tempada. A súa cesión resultou un acerto total, e agora o club intentará manter a súa continuidade, aínda que non será sinxelo. No eixo da defensa, a xerarquía estivo encarnada en Raquel García, titular en todos os encontros. A súa compañeira de zaga, Vera Martínez, tamén foi unha peza fixa nun ano no que confirmou o seu valor tras chegar este mesmo verán ao club.

No medio do campo, Paula Gutiérrez e Lucía Martínez foron o motor dun equipo que nunca perdeu a cara aos partidos. Pola súa banda, no ataque, Ainhoa Marín e Millene Cabral volveron demostrar que teñen nivel máis que suficiente para destacar na máxima categoría, como xa fixeran o pasado curso na Segunda División.

Olalla e a base, motivos para crer

Entre as boas noticias do curso, destaca o rendemento de Olalla Enríquez, xogadora cedida polo Real Madrid. A atacante adaptouse perfectamente á dinámica do Deportivo e demostrou que a Primeira División non lle queda grande. A súa continuidade sería unha gran noticia para o futuro inmediato. Tamén houbo sinais moi positivos desde a base. Paula Novo deu un paso adiante na recta final da tempada e fíxose coa titularidade, o que apunta a un salto definitivo ao primeiro equipo. Pola súa parte, Elena Vázquez, aínda en idade formativa, participou en sete encontros, tres deles como titular, e segue crecendo como unha das promesas máis firmes da canteira.

Un verán para crecer sen renunciar a nada

A planificación do vindeiro curso xa está en marcha. O club buscará reforzar a plantilla para non repetir os apuros deste ano e consolidarse na categoría. A permanencia foi o primeiro paso, pero o seguinte será medrar en estabilidade, profundidade de cadro e ambición competitiva.

O Deportivo ABANCA demostrou que pode competir entre as mellores. Agora, toca consolidar o proxecto con decisións intelixentes e seguir dando pasos adiante.

RUA GALERA 24

Peculiar

Puro Producto
A CORUÑA

RUA BARRERA 23

INTENSO

43° 22' 17.18" N | 8° 33' 58.82" W
MAD. 20.18

A CORUÑA

RUA GALERA 17

COMIDA QUE HABLA
EST-2021

charlatán

Coruña

A CORUÑA

RUA GALERA 21

Galera

ULTRAMARINOS
A CORUÑA

Al Molino Cafetería Pizzería

Avda. de Erbecedo, 20. Coristanco Telf.: 981 734 366

ESPECIALIDAD EN ENTRECOT

Menú del día
Platos Combinados
Pizzas y Pastas

O FABRIL NON SE RENDE: A POR TODAS EN MURCIA

O filial xogará en terras pementoneiras sen complexos e coa convicción de que pode superar ao UCAM.



O partido de ida entre o Fabril e o UCAM Murcia, disputado en Riazor, rematou cun empate sen goles que non fai xustiza ao esforzo do equipo dirixido por Manuel Pablo García. O filial branquiazul enfrontouse a un rival rocoso, provocador e beneficiado por unha actuación arbitral que xerou indignación entre os afeccionados presentes no estadio e entre o propio vestiario deportivista. Decisións incomprensibles, criterios desiguais e unha sensación xeral de falta de respecto nun encontro clave para o futuro dos mozos da casa.

O empate deixa a eliminatoria aberta, pero o Fabril non se sente inferior. Ao contrario: os xogadores cren firmemente que gañar ao UCAM Murcia en terras pementoneiras é un obxectivo alcanzable, e non ningunha machada. O equipo viaxará coa ambición intacta e coa mentalidade de quen sabe que a clave está en competir con personalidade, como fixeron durante todo o curso case en cada intre.

Feridas abertas e baixas sensibles

O camiño ata aquí non foi doado. As lesións marcaron a tempada do filial, e mesmo nesta recta final o equipo volveu sufrir un duro contratempo. Manu Ferreiro, unha das grandes aparicións do ano e xogador de futuro evidente para o primeiro equipo, tivo que retirarse entre bágoas no partido de ida tras unha acción que apunta a unha lesión de gravidade. A súa perda é sensible, tanto no deportivo como no emocional, pero a mensaxe dende dentro do grupo é clara: tocará loitar na recuperación e volver cunha forza renovada. Ninguén en Abegondo dubida xa de que Manu será futbolista do primeiro equipo máis cedo que tarde.

Liderado e proxección asegurada

Ao longo de toda a campaña, dúas figuras destacaron por riba do resto: Kevin Sánchez e Adrián Guerrero. Ambos foron líderes indiscutibles do equipo, tanto dentro como fóra do campo, e todo apunta a que estarán presentes na pretemporada do Deportivo este verán. Son dous nomes propios dun grupo cheo de talento, orgullo e compromiso, que representa á perfección o espírito que se quere para o club: fútbol valente, traballo invisible e ambición sen adornos.

Unha chamada de atención ao estamento arbitral

O que aconteceu no partido de ida non debe pasar por alto. A Federación Española de Fútbol ten a responsabilidade de coidar as súas competicións, e iso pasa por garantir arbitrxes á altura das circunstancias. O que se viu en Riazor foi unha mostra preocupante da falta de nivel e autoridade en partidos que marcan o futuro de moitos xogadores novos. A cuarta división tamén merece respecto, e os clubs, especialmente os que traballan con base e estrutura, non poden ser tratados con desprezo ou soberbia por parte de quen debería impartir xustiza.

Todo por xogar

Con todo por decidir, o Fabril chega ao momento da verdade. Sen escusas, sen medos, pero con toda a confianza nun grupo que nunca deixou de crer. Murcia agarda, e o equipo de Manuel Pablo irá alí co único obxectivo de gañar. Porque este Fabril ten moito que dicir. E quere seguir facéndoo sobre o campo.



- Creación de empresas
- Alta autónomos
- Confección - presentación Impuestos
- Declaración de la Renta

info@bcjasesoria.es

- Transferencia de Vehículos
- Seguros Generales
- Inmobiliaria
- Administración de Fincas

Teléfono: [981 92 3333](tel:981923333)

C/ Nicomedes Pastor Diaz, 6 15006 A Coruña

www.bcjasesoria.es

VIPKEL



AMAMOS LO QUE HACEMOS



GRANADA CF: UN REGRESO FRUSTRADO E CHEO DE INESTABILIDADE

O conxunto andaluz era un dos grandes favoritos ao ascenso directo ao comezo da actual tempada 2024/25.



diu que o Granada lograse unha racha sostida de resultados que o devolvese aos postos de privilexio.

A saída de Uzuni, símbolo da descomposición

Un dos episodios máis significativos da tempada foi a marcha de Myrto Uzuni no mercado de inverno. O dianteiro albanés, estrela do equipo e máximo goleador en cursos anteriores, entrou en rebeldía e forzou a súa saída a outro club europeo. O traspaso, aínda que deixou ingresos, foi un duro golpe deportivo e deixou ao equipo sen unha referencia ofensiva clara, nun momento no que o ascenso esixía estabilidade e líderes.

Un equipo sen continuidade nin identidade clara

A pesar dalgúns nomes rendibles no plantel, o Granada non conseguiu construír un once recoñecíbel nin un estilo de xogo consolidado. As lesións, os cambios constantes e unha política de fichaxes máis reactiva que estruturada lastraron a posibilidade de competir con firmeza ante rivais directos. O paso dos partidos converteuse nun exercicio de supervivencia máis que nunha demostración de forza.

Un reto final co orgullo en xogo

A falta de tres xornadas, o equipo marcha sétimo, fóra dos postos de play-off, e con marxe de erro moi reducida. Clasificarse xa sería, a estas alturas, unha sorte de premio menor para unha entidade que partía co obxectivo de volver por vía directa á elite. Pero nin sequera ese obxectivo está garantido, e iso reflicte a dimensión do retroceso.

O futuro, entre a reconstrución e a reflexión

A tempada 2024/2025 deixa un sabor amargo na parroquia granadina. A caída deportiva tras o descenso non foi amortecida con estrutura nin acerto. A dirección deportiva, a configuración do vestiario e a xestión das crises internas (como a de Uzuni) deben ser obxecto dunha revisión profunda. O club segue tendo recursos, masa social e potencial. Pero necesita moito máis que nomes e orzamento: necesita estabilidade, ambición realista e planificación seria.

Porque se algo quedou claro é que regresar a Primeira non é só cuestión de escudo. É cuestión de facer as cousas ben. E este ano, o Granada CF quedou moi lonxe diso.

A tempada 2024/2025 do Granada CF está moi lonxe das expectativas xeradas no verán. O club andaluz, recién descendido desde Primeira División, iniciaba o curso como un dos grandes favoritos para o ascenso directo, apoiado nun dos orzamentos máis potentes da categoría. A realidade, con todo, revelou un escenario moi distinto: a falta de tres xornadas para o final, o equipo loita por colarse nun play-off que non era o obxectivo inicial, sen garantías de conseguilo.

Un inicio convulso e sen rumbo

O proxecto arrincou con Guille Abascal no banco, pero a súa etapa durou apenas seis xornadas. Os malos resultados e a falta de identidade no xogo precipitaron a súa destitución. O club apostou entón pola experiencia de Fran Escribá, quen, sen facer ruído, conseguiu estabilizar o equipo e mantero na pelexa pola zona nobre da táboa. Con todo, a falta de regularidade impe-



Cachiño
O Sabor da Terra.

ABIERTO los 365 días de 09:00 h a 21:00 h.

O Sabor da Terra
Productos Artesanales de la Aldea,
Empanadillas y Empanadas de Bergondo,
Pan de Laracha, vinos cosecheros y
Mucho más en un cachiño de la ciudad Coruñesa

Praza Mestre Mateo, 5 - A CORUÑA 📞 655 648 338
cachiño13@gmail.com 📷 @Cachinosabor





HERMANOS DOCAMPO, S.L.
www.grupodocampo.com
administracion@grupodocampo.com

Lg Razo da Costa, 55
15107 CARBALLO
981 14 25 42
629 25 54 27
686 989 335
f /grupo.docampo

**TE AYUDAMOS
A CONSTRUIR
TUS SUEÑOS
O A REFORMAR
LOS QUE TIENES**

CONSTRUCCION
Obra Nueva
Reformas Integrales
Viviendas y Locales Comerciales
Especialistas en Alicatados

SERVICIOS
Venta - Alquiler
Seguros
Certificados Energéticos
Abogado



LUCAS BOYÉ: O REFERENTE QUE SOSTÉN AO CLUB ANDALUZ

O dianteiro arxentino suma 10 goles no que vai de tempada e foi moi importante tras a saída de Uzuni.



Nunha tempada irregular e chea de decepcións para o Granada CF, poucas figuras sobresaen por riba do ruído. Unha delas é, sen dúbida, a de Lucas Boyé. O dianteiro arxentino, con dez goles no seu haber a falta de tres xornadas para o final de liga, converteuse na gran referencia ofensiva dun equipo que, malia os obxectivos iniciais, loita por non quedar fóra da zona de play-off.

Responsabilidade tras a marcha de Uzuni

A saída de Myrto Uzuni no mercado de inverno deixou ao equipo sen o seu máximo goleador histórico recente. A responsabilidade caeu sobre Boyé, que, sen grandes focos, asumiu o liderado ofensivo nun contexto marcado pola inestabilidade. A súa resposta foi notable: non só polo balance goleador, senón pola súa capacidade para fixar defensas, aguantar balóns e dar continuidade ao xogo ofensivo dun equipo ao que lle custou moito encontrar fluidez.

Regularidade e compromiso nun equipo inconstante

O mérito de Boyé vai máis alá das cifras. En moitos encontros, o arxentino foi quen mantivo vivo ao Granada, mesmo cando o equipo navegaba sen rumbo. En partidos pechados, sen espazos e con poucos recursos ao seu arredor, logrou ofrecer rendementos competitivos e goles decisivos. A súa regularidade contrasta coa incerteza estrutural do club ao longo do curso.

Un perfil pouco vistoso, pero moi eficaz

Lucas Boyé nunca foi un dianteiro de explosión nin de grandes artificios. Pero o seu traballo táctico, o sentido colectivo e a intelixencia no xogo sen balón convérteno nun futbolista fundamental. Fai mellores aos que ten ao redor e permite que o equipo respire en momentos críticos. Cun Granada ás veces plano no medio e sen extremos desbordantes, o seu papel como fixador e rematador foi imprescindible.

Un futuro por definir nun club que precisa certezas

Co final de tempada á vista, queda por ver cal será o futuro inmediato de Boyé. O seu rendemento individual pode chamar a atención doutros equipos, pero tamén podería ser o alicerce sobre o que reconstruír un proxecto que precisa máis estabilidade e máis xogadores fiables como el. Se o Granada quere aspirar a algo máis o vindeiro curso, manter ao arxentino e rodealo mellor debora ser unha prioridade.

Nun ano de sombras, Lucas Boyé foi unha das poucas luces. Un dianteiro de perfil baixo, pero rendemento alto. Un valor seguro nun equipo que, por momentos, perdeu o norte. E que, sen os seus dez goles, hoxe estaría moito máis lonxe de calquera obxectivo.



DANZA10STUDIO



981 918 898

DANZA10
.COM

GAMBRINUS 95, 15008, A CORUÑA

INFO@DANZA10.COM

**INSDMACOR, S.L.**
INSTALACIÓN DE MADERA CORUÑA

- Colocación de madeira en instalacións comerciais, empresas o particulares
- Especialistas en carpintería de madeira y carpintería general
- Armarios empotrados • Puertas interiores y exteriores • Tarimas flotantes • Parqués • Frisos

Travesía de la Iglesia, 13 Bajo · O Temple (Cambre) · Telfs.: 981 650 908 - 677 554 516 · administracion@insdmacor.com





O CAMBRE CF MESÓN O DOLMEN SEGUE FACENDO HISTORIA

Eloy Ferreiro é o presidente dunha entidade cargada de ilusión e paixón polo mundo do balompé.

O fútbol tamén é isto. Esfuerzo sen foco mediático, ilusión máis alá da idade e equipos que seguen escribindo páxinas memorables lonxe dos grandes titulares. O Cambre CF Mesón o Dolmen vén de certificar o ascenso a Segunda División de veteranos tras asinar unha tempada brillante na que foron terceiros no grupo coruñés de Segunda B. É o segundo salto consecutivo dun equipo que se gañou, por méritos propios, un sitio na categoría superior.

O partido decisivo disputouse no campo de Os Pinares de Brexo Lema, cun 0-4 incontestable ante o Cervera CF que deixou claro que o equipo cambrés non estaba disposto a deixar escapar a oportunidade. Dous goles de Álvaro Baña, un tanto de Lucas Pugliese e outro de Pablo López puxeron a rúbrica a unha vitoria que certifica, matemáticamente, o salto de categoría a falta dunha xornada para o final. Os seis puntos de vantaxe sobre o San Martiño son xa inalcanzables.

Este grupo é moito máis que un equipo de veteranos. É unha familia ampla, variada, ben conxuntada e que comparte un gusto común: competir ao máximo cada fin de semana. O seu compromiso e regularidade levounos a estar entre os mellores do campionato. O Paiosaco SD foi o campión de liga, o Sporting MAP ocupou o segundo posto, e o Cambre CF completou o trío de ascenso cunha tempada para enmarcar.

Na faceta goleadora, destaca un nome por riba de todos: Felipe Blanco. Con 28 goles, é o segundo máximo anotador de toda a competición. Un dianteiro que conserva o olfacto intacto e que segue marcando diferenzas. Xunto a el, xogadores como Basilio Prieto, este ano con menos protagonismo tras unha lesión, pero recuperando a forma e preparado para volver dar guerra no centro da defensa, demostran que a idade non é obstáculo cando hai cabeza, corpo e corazón.

No vestiario do Cambre hai xente de moitos perfís, xogadores que levan o fútbol no sangue, que compatibilizan a vida laboral e familiar co compromiso nos adestramentos e nos partidos, e que seguen atopando sentido no feito de vestirse de curto cada fin de semana.

O reto da vindeira tempada será maior, e o obxectivo inicial será a permanencia. Pero tratándose do Cambre CF Mesón O Dolmen, calquera cousa pode pasar. Porque este equipo non deixa de sorprenden, e porque o fútbol, cando se vive con paixón e entrega, sempre acaba premiando aos que o honran desde abaixo.

O ascenso xa está conseguido, pero o que realmente emociona é o camiño. Ese no que tantos seguen cumprindo anos sobre o céspede, sen perder nin un chisco de ilusión.



IP ELECTRICIDAD

INSTALACIONES ELÉCTRICAS - ILUMINACIÓN LED
MANTENIMIENTO DE COMUNIDADES
PORTEROS AUTOMÁTICOS Y VIDEOPORTEROS
MOTORES AUTOMÁTICOS - REFORMAS INTEGRALES
ENERGÍAS RENOVABLES - PLACAS SOLARES

Servicio urgente en averías
PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
INSTALADOR AUTORIZADO
BTB3000398

IVÁN PEDREIRA - MÓVIL: 660 080 347 | IPELECTRICIDAD@YAHOO.COM / WWW.IPELECTRICIDAD.COM



LIMPIEZAS ISKRA

MÁS DE 10 AÑOS DE EXPERIENCIA

LIMPIEZAS DE COMUNIDADES

663 897 711



WWW.JLPUBLICACIONES.COM



O TORRE SD CONSOLÍDASE EN PRIMEIRA CUNHA TEMPADA EXEMPLAR

Os de Jordi Uriach competiron e acadaron a permanencia na Primeira Futgal sen ningún tipo de atranco.

O Club Torre SD cumpriu con nota o seu obxectivo para esta tempada: manterse con solvencia en Primeira Futgal e seguir dando pasos firmes como equipo consolidado na categoría. Logo do ascenso conseguido o curso pasado, o club coruñés protagonizou unha campaña de gran regularidade, lonxe dos postos de perigo e ofrecendo un rendemento continuo e fiable.

Co branco e azul arlequinado como bandeira e moita historia ás costas, o equipo dirixido por Jordi Uriach afrontaba o curso coa intención de competir sen complexos. Non só o conseguiu, senón que mantivo un nivel competitivo moi constante ao longo do ano, nunha categoría cada vez máis esixente. Sen grandes rachas negativas nin momentos de angustia, o Torre foi sumando puntos e construíndo unha permanencia merecida desde a consistencia. Entre os nomes propios destaca, unha vez máis, o de Álex Pérez. O dianteiro volveu liderar ao equipo desde o verde, disputando 30 partidos e asinando 15 goles. Pero o seu valor vai máis alá das cifras: xerador de xogo, con visión, personalidade e capacidade para decidir, volveu demostrar que é un dos

grandes referentes da liga, esta vez con continuidade e sen o lastre das lesións. Na portería, Manu Gil foi o dono baixo paus durante prácticamente todo o curso, ofrecendo seguridade e sendo clave en momentos importantes. Na liña defensiva, Miguel Díaz, Cristian Salinas, Gonzalo Calo e Edu Díaz foron os xogadores con máis minutos, formando unha base sólida que sostivo ao equipo nos partidos máis apertados.

No medio, o tridente formado por Toni Insua, Hugo Costoya e Hugo Díaz impuxo criterio, intensidade e ritmo. No ataque, xunto a Álex Pérez, tamén brillou Sergio Sande, formando unha parella que deu moitos puntos ao cadro coruñés.

O Torre SD segue facendo valer a súa tradición, pero tamén a súa capacidade para adaptarse e evolucionar. Este ano era clave para dar ese paso de asentamento en Primeira Futgal, e conseguíuno con brillantez. A partir de aquí, o reto será seguir crescendo, co estilo e o escudo que os define. Porque o Torre non é só historia, é tamén presente.

PULPERIA LÚA CHEA

EXPERTOS EN PULPO

RACIONES

TELÉFONO: 881 873 604

Rafael Alberti, 31 15008 A Coruña

Ven a ver al DEPORTIVO

Retransmisión los mejores eventos deportivos en nuestras 5 pantallas




COMPROMISO DE CALIDAD

MARIA FABEIRO

Tienda DELICATESSEN

Embutidos premium . comida preparada cada día .

Conservas licores y empanadas

Vinos de las mejores cosechas y un montón de productos para darle el toque gourmet a tu mesa

Av. Mártires, 30, 15175 Carral
Av. Paisaje, 17, 15006 A Coruña
Av. Monelos, 115, 15009 A Coruña
C/Poeta Trillo Figueroa, 2, 15009 A Coruña

Haz ahora tu pedido online
www.mariafabeiro.es





BigMat

Crea

Bienvenidos a BigMat Crea, la red de centros para profesionales de la construcción en la provincia de A Coruña.

Con seis tiendas a su disposición, BigMat Crea pone al servicio de los expertos la más amplia variedad de materiales, herramientas, productos y servicios del mercado relacionados con el mundo de la construcción. Además, le ofrecemos servicios de asesoramiento, financiación y asistencia en obra para hacer de su trabajo una experiencia mucho más sencilla.



AV. Quinta 105, Polígono de PO.CO.MA.CO
15190 A Coruña, A Coruña
Teléfono: 881 850 020



BIGMAT CARBALLO
Fomento, 31
15102 Carballo, A Coruña
Teléfono: 981 700 514



BIGMAT A CABANA
22 Ponteceso de cabana
15115 A Coruña
Teléfono: 981 715 014



BIGMAT MALPICA
Rúa Pedra Queimada, 1
15113 Malpica, A Coruña
Teléfono: 981 715 014



SOLUCIONES
a tu
medida



BIGMAT A CARBALLO
Villa de Órdenes, 31
15100 Carballo, A Coruña
Teléfono: 981 700 475

EL CENTRO
para
Profesionales de la
CONSTRUCCIÓN
en
Coruña

La **MAYOR**
selección de
PRODUCTOS
para el
Profesional


EXPERIENCIA
al **SERVICIO**
de los
Expertos



 Av. Da Revolta, 104 Carballo - A Coruña

 609 55 99 06 - 981 75 46 77

  Asador D'Enrique



VS.



TE CUIDES COMO TE CUIDES
TE SABRÁ IGUAL DE BIEN

Calvo® ligero

EL SABOR DE SIEMPRE, CON LA MITAD DE GRASA



50% menos de materia grasa con respecto a 100 g de producto neto escurrido de atún claro en aceite de girasol (y en aceite de oliva) standard de Calvo. Combina actividad física con alimentación variada y equilibrada www.habitosdevidasaludables.com. Un menor consumo de grasas saturadas contribuye a mantener niveles normales de colesterol.



CHANO CALVO: "A SEGUNDA FEDERACIÓN É MOI DURA, PERO ESTA CATEGORÍA É UN LUXO PARA CARBALLO"



O presidente do Bergantiños CF, Chano Calvo, fai balance dunha tempada sólida en Segunda Federación e reflexiona sobre o futuro do club, o peso da canteira e a aposta polas Escolas Calvo. Cun discurso realista e orgulloso, aborda os retos dunha categoría inxusta e o soño dun novo campo no centro de Carballo.

GRAN TEMPADA 2024/2025

—O primeiro, presidente, parabéns. Un ano máis en Segunda Federación. ¿Como valora a tempada do Bergantiños tras o regreso e a permanencia?

—Si. Foi unha boa tempada. A única pena é que por moi pouco non conseguimos clasificarnos para participar na Copa do Rei. Por un partido perdido, máis ou menos, contra o Escobedo truncóusenos esa aspiración. Pero, polo demais, foi unha tempada moi boa, con altibaixos. Este ano fixemos máis puntos fora que na casa.

—¿Sentiu que houbo opcións reais de loitar polo play-off ata o final? Está aínda moi preto ese partido en Abegondo...

—Si, no play-off si, porque tanto o partido co Fabril como outros co Langreo ou co Escobedo, nos últimos encontros, puidemos sumar os puntos necesarios para estar á altura do Fabril ou mesmo por riba. Creo que, pola tempada que fixo o equipo, mereceríamos estar entre os catro primeiros. Pero os resultados son os que son, e os lamentos xa non valen de nada.

O FUTURO DO BANQUIÑO E DO PLANTEL

—Chegaba Jorge Cuesta este ano ao equipo e parece que se adaptou moi ben. ¿Que balance fai do seu traballo?

—Estamos contentos con el. A súa labor foi boa, agora toca reflexionar para ver que é o mellor para o Bergantiños de cara ao ano que vén. Empezaremos a traballar na confección do equipo e nunhas semanas tomaremos decisións.

—¿Cando saberemos se continúa?

—Nunha semana, ou nestes quince primeiros días de maio, xa empezaremos co tema do adestrador e das renovacións. Moitos xogadores fixeron unha boa tempada e están recibindo chamadas de equipos de superior categoría. Iso



INSPLABER S.L.

ANTONIO REGUEIRA LORENZO

Ingeniería Acústica
Estanterías de Pladur
Tabiquería y Trasdoso
Aislamientos e Insonorizaciones
Falso Techo Continuo y Desmontable

981 732 819 / 609 939 296

insplaber@yahoo.es

Polígono Industrial de Bétoa - C/ da Lousa, Nave 5 , Parcela D-8 - 15105 - Carballo (A Coruña)



tamén condiciona, porque non podemos competir con esas ofertas, e entendemos que esa progresión é merecida por parte deles.

OBXECTIVOS DO CLUB E LIMITACIÓNS DA CATEGORÍA

—**¿Que meta se marca o club a medio prazo?**

—A Segunda Federación é unha categoría moi boa para Carballo. Subir a Primeira RFEF sería complicado polas instalacións: o noso campo é de herba artificial, e para a Primeira debería ser natural. Ademais, é unha categoría moi deficitaria, con máis gastos ca ingresos. Temos que ter moito coidado con iso e non pasarnos cos gastos.

—**¿Mantense a aposta pola base?**

—A estrutura do Bergantiños é moi ampla: case 700 xogadores entre escolas, base, feminino... No feminino xa hai máis de 100 rapazas. E temos equipos en todas as categorías: desde prebenxamín ata veteranos. É moito gasto todo. Na categoría feminina somos dos poucos clubs con equipo en Terceira Federación. E iso é un logro moi importante para nós.

UN SISTEMA INXUSTO EN SEGUNDA RFEF

—**Esta Segunda Federación é, ademais, unha categoría moi dura e inxusta, con cinco descenso e un play-out en grupos de 18...**

—É unha tolemia. Un terzo dos equipos están en perigo desde o primeiro día. Iso xera moitísimo nerviosismo toda a tempada. Este ano, a diferenza entre a promoción de ascenso e o descenso eran só 8 ou 9 puntos. É aterrador. A liga é moi competitiva, ninguén che regala nada. Ves resultados tolos cada xornada.

O CAMPO NOVO ALGO MÁIS PRETO

—**A afección respondeu ben, aínda que o número de asistentes segue a ser moderado. ¿Sigues vivo ese soño do campo no centro de Carballo?**

—Si, iso lévao o Concello de Carballo, e eu creo que vai para adiante. Pero será un proceso longo: hai que aprobar o proxecto, conseguir axudas, facer expropiacións... Non menos de cinco anos, seguramente. Para nós, o campo de herba artificial é un grande inconveniente, mesmo para atraer xogadores. A herba natural, aínda que máis cara de manter, ofrece moita máis calidade para o xogo.

ESCOLAS CALVO, CANTEIRA E TORNEOS

—**Falaba da importancia das Escolas Luis Calvo Sanz e da formación da canteira. Tamén destaca a liga alevín que organizades cada ano.**

—Si, unha liga de fútbol 11, no paso de fútbol 8 a fútbol 11. Foi unha idea

nosa, apoiada pola Federación Galega. Aínda que non é oficial, está consolidada. Temos 28 equipos repartidos en dous grupos de 14. É un gran paso para achegar os nenos ao fútbol 11. A aceptación é moi boa.

—**Este ano non puidechedes celebrar o torneo internacional pola coincidencia coa Liga Promises, pero xa preparades un de cadetes para setembro, ¿non?**

—Si, exactamente. Fixemos agora o Campionato da Costa da Morte, que foi un éxito enorme: máis de 5.000 persoas en dous días. E iso anímanos a repetir. Para setembro temos previsto o de cadetes, con bos equipos e moita ilusión.

UN PRESIDENTE CON DOBRE RESPONSABILIDADE

—**E xa persoalmente, como presidente do Bergantiños e como responsable dunha empresa das máis importantes de España e que ademais patrocina o deporte local... ¿Como se leva esa dobre implicación?**

—Bueno, dá gusto. A xente da comarca é moi asociativa, hai moitas entidades culturais, sociais, deportivas... E todo iso dá moita satisfacción. Non é diñeiro perdido nin por compromiso, senón un investimento na mocidade e na dinamización do pobo. Vén moita xente, e iso tamén é economía para Carballo. É moi positivo.

CENTENARIO, RECOÑECIMENTOS E PROFESIONAIS QUE SAÍRON DAS ESCOLAS

—**¿Que é o que máis lle enorgullece do momento que vive o Bergantiños?**

—Cumprimos o centenario, que coincidiu coa baixada a Terceira, pero ao ano seguinte recuperamos a categoría. E recibimos recoñecementos como a distinción da Xunta como dinamizadores do deporte. Tamén a medalla de ouro o ano pasado. Cousas que eran impensables hai uns anos. Estamos moi orgullosos.

—**Presi, para rematar, xa hai moitos profesionais que saíron das Escolas, outro sono cumprido, non si?**

—Saíron xogadores moi bos: Angeliño, Dani Tasende, Álex, Miguel Loureiro (agora no Huesca), Santi Canedo... E no feminino, a xoia agora é Elena Vázquez, que xogou de titular en Barcelona co Deportivo. Empezou con 12 anos aquí, un exemplo de superación e de xogadora. É un orgullo, e seguro que saíran máis coma ela.



San Roque
15147 CORISTANCO
(A CORUÑA)

**ESPECIALIDADE
EN RIXÓNS
E CARNE DE
PROXIMIDADE**

 **981 733 092**

 /Carnicería Maruja
 /marujacarniceria





BIOESTUFA

**VENDA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE
ESTUFAS DE LEÑA E DE PELETS**



ANÍMATE

**La temporada
de barbacoas
no lo dudes más
Conócenos en:**

www.bioestufa.es



R/. Ramón y Cajal, 1 baixo esquina
15100 CARBALLO (A Coruña)

M. **658 772 054**
estufas@bioestufa.es



BERGANTIÑOS FC- T



EMPADA 2024/2025



UN BERGANTIÑOS FORTE, COMPETITIVO E CON FUTURO

Os de Jorge Cuesta foron oitavos no grupo 1 de Segunda Federación, quedando preto do play off.



OBergantiños FC completou unha tempada notable no seu regreso á Segunda Federación, despois dun breve paso pola Terceira que serviu de impulso para reconstruírse e volver máis forte. O equipo carballés non só acadou a permanencia con comodidade, con varias xornadas de marxe, senón que estivo ata o final na pelexa polo play-off de ascenso a Primeira RFEF, quedando finalmente oitavo, a tan só cinco puntos da promoción.

A tempada deixou datos moi positivos: 50 goles a favor, sendo o cuarto equipo máis goleador do grupo 1. Pero tamén quedou unha sensación colectiva de equipo serio, equilibrado e con pegada, que soubo competir contra todos e que xogou un fútbol de nivel, grazas á proposta ambiciosa do seu adestrador.

Un equipo cun selo claro e un vestiario de líderes

Desde o banco, Jorge Cuesta asumiu o reto con éxito. Chegou desde a Sarriana, onde xa deixara pegada ao levar o equipo ao play-off, e en Carballo demostrou que sabe manexar os tempos, ler os partidos e facer xogar ben aos seus. O Bergantiños foi intenso, ordenado e tamén creativo, con fases de xogo moi vistosas e cunha identidade cada vez máis recoñecible.

Na portería, Santi Canedo volveu ser o dono indiscutible, aportando seguridade e experiencia, mentres que o mozo Diego Coté respondeu con nota nas súas aparicións, demostrando que está preparado para retos maiores.

Na defensa, Cristian Moreno foi o líder natural da zaga, indiscutible no centro. Ao seu carón, Fito e Iago Martínez foron alternando con rendimento



viraxes
servizos deportivos
www.viraxes.com

- Xestión de instalacións deportivas (piscinas, ximnasios, pavillóns...)
- Obra deportiva
- Venda de equipamento e material deportivo
- Asesoramento técnico (estudios de viabilidade, eficiencia enerxética, formación, últimas tendencias...)

659 498 353

contacto@viraxes.com

R/ Desiderio Varela, n.º 8 baixo. Local 5 • 15100 Carballo (A Coruña)



destacado. Nos laterais, Ángel Bastos e Tijan puxeron solidez, fondo físico e experiencia, sendo pezas clave nun equipo que soubo saír xogando tamén polos costados.

O medio campo foi territorio de capitáns. Marcos Remeseiro e Diego Uzal volveron ser indispensables. Non só por calidade, senón polo que representan dentro e fóra do campo. Teñen galóns, liderado e esa autoridade natural que vai máis alá do brazalete. Xunto a eles, xogadores como Manu Núñez, Álex Ramos e Tiago foron rotando no once e sempre ofreceron garantías, con nivel máis que contrastado para a categoría.

Gol, xuventude e ambición en ataque

En ataque, o nome propio foi o de Lucas Antaño, un dos mellores sub-23

da liga, diferencial pola súa calidade e desequilibrio. Xunto a el, Pachón asinou 9 goles, sendo o máximo goleador do equipo, xunto ao mencionado Lucas, mentres que Omar foi un dos rapaces máis utilizados no fronte ofensivo, aportando 4 dianas desde a banda.

O equilibrio entre veteranía, liderado, talento novo e unha idea de xogo clara foron as claves dun ano moi positivo para o Bergan. O equipo demostrou que está de volta para quedar e que pode aspirar a máis se se manteñen os piares actuais.

Carballo volve soñar, e faino cun equipo orgulloso, competitivo e que se gañou o respecto da categoría. O Bergantiños 2024/25 foi moito máis que un equipo salvado: foi un proxecto que medra e un exemplo de como se reconstrúe con intelixencia e identidade.

Tu Oportunidad...

CAUSSADE
semillas

AGROSONEIRA SL
Reparada s/n - 15129 Vimianzo (A Coruña)
administracion@agrosoneira.com
981 72 46 00 - 608 164 909

Distribuido por:
AGROSONEIRA

caussade semillas
maíz

JORGE CUESTA: "CHEGAR A CARBALLO FOI UN ACERTO TOTAL: ESTOU MOI A GUSTO NO BERGANTIÑOS"



Jorge Cuesta pechou con éxito o seu primeiro ano no banco do Bergantiños CF, levando o equipo á permanencia con solvencia e pelexando por cotas maiores. Cunha aposta firme pola estabilidade e o traballo diario, analiza o rendemento do grupo, a importancia da base e o potencial dun club con identidade propia na Costa da Morte.

—Primeiro de todo, Jorge, tempada moi boa do Bergantiños, pechada cun triunfo. Como valoras este curso?

—Si, estou moi contento. Dende o inicio o obxectivo era salvarnos, e creo

que o conseguimos con relativa facilidade. É certo que houbo momentos mellores e outros máis críticos, pero é unha categoría na que é moi difícil manter a estabilidade ao longo da tempada. Incluso nos momentos máis complicados soubemos reaccionar e sumar os puntos necesarios. Ao final quedamos moi preto dos postos de arriba, e pode quedar esa sensación de que puidemos acadar un chisco máis. Pero co obxectivo principal cumprido, iso é o máis importante.

—Falamos dunha categoría tremendamente esixente, con moi pouca diferenza entre a zona alta e o descenso.

—Totalmente. Por poñerche un exemplo: no último partido da primeira volta empatáronnos no minuto 98, e pasamos de estar quintos a acabar a xornada de décimo segundos. A marxe é mínima, e iso provoca que, ás veces, cando gañas parece que estás moito mellor do que estás, ou cando perdes, todo parece moito peor do que realmente é. Creo que todos estamos de acordo en que o formato da competición é unha tolemia. Por sorte, co paso dos anos, vas aprendendo a convivir con iso. Os xogadores, os adestradores, os clubs... todos temos que aprender a xestionar ese sube e baixa emocional.

“Hai que reformular a Segunda RFEF: non ten sentido para ninguén”

—Cinco descensos e un ‘play-out’ entre dezaioito equipos. Non hai nada igual en ningunha categoría nacional.

—Nin en España nin fóra. Entendo que se fixo nun contexto de pandemia, cando había que reorganizar todo e saír do paso. Pero agora que estamos nun escenario máis estable, hai que sentarse e darlle unha volta. Non ten sentido para ninguén: nin para os clubs, nin para os xogadores, nin para os adestradores. Os clubs precisan máis marxe para garantir a súa viabilidade, e este formato aumenta o risco deportivo e económico de forma brutal. Todos queremos competir máis meses e con máis partidos: é mellor iso que xogar menos e vivir co medo constante ao descenso.



REVESTIMENTOS NORDÉS

S: 605 871 067 - V: 605 871 068 - L: 605 871 069
Castrillón - LEMA, 34 - 15100 CARBALLO (A Coruña)



ESPECIALISTAS EN REPARACIÓN
Y MANTENIMIENTO DE VEHÍCULOS



604 089 340
604 064 308





“En Carballo estou moi cómodo, o trato é inmejorable”

—É o teu primeiro ano no Bergantiños. Como estás vivindo a experiencia?

—Moi contento. A nivel persoal o trato foi inmejorable, e o club é moi familiar. Iso ten cousas boas e malas: é certo que hai pouca xente traballando no día a día, pero a que hai está moi comprometida, sente o club como algo propio. Iso axuda moito. Ademais, como adestrador teño independencia, confianza e tranquilidade para traballar. Mesmo nos momentos complicados a directiva mantivo a calma e o apoio. O grupo de xogadores tamén foi clave, especialmente cando viñeron mal dadas. Todo iso fixo que fora unha tempada moi positiva.

—O Bergantiños ten fama de ser un club serio, cumpridor e ordenado.

—Si, é certo. Todo o mundo que pasou por aquí fala ben do club. Os pagos son puntuais, hai estabilidade, e iso é moi importante. Ten boa reputación, e creo que é merecida.

“A canteira ten moita base e boas escolas, pero necesita subir o nivel competitivo”

—Ti es un adestrador moi vencellado ao traballo de base. Como ves a canteira do Bergantiños?

—Teñen moitos xogadores e danlle moita importancia ás escolas. O torneo Luis Calvo leva moitos anos sendo unha referencia, eu mesmo fun xogalo hai máis de dez anos. Agora ben, en canto ao rendemento puro, creo que os equipos aínda están un pouco lonxe do nivel que require o primeiro equipo. Por exemplo, o xuvenil está en Liga Galega, e non está nunha boa clasificación. Pero Carballo é unha vila grande, cunha comarca con moita poboación, e con traballo e tempo estou convencido de que se pode mellorar. O ideal é que haxa xogadores da casa, da comarca, e a partir de aí, incorporar xente de fóra se é necesario. Eu, que son de canteira, sei o importante que é iso para a identificación entre club, xogadores e afección.

“Hai equipos humildes que fixeron cousas moi grandes este ano”

—Deixando a un lado o Bergantiños, que equipos che gustaron máis esta tempada en Segunda RFEF?

—O Pontevedra, por suposto. Pero tamén lle dou moito mérito ao Avila. Me

pareceu un equipo moi valente: defende arriba, é agresivo, e iso é de moito mérito. Tamén destacaría a segunda volta do Escobedo, que pasou de ter 16 puntos a rematar con 43, unha cifra de play-off. E, por clasificación, ten mérito o Langreo. Nós fomos moi superiores a eles en xogo, pero sendo un club humilde e con poucos recursos, levan varias tempadas clasificándose para o grupo dos mellores e para a Copa do Rei. Dos filiais, a verdade, non me pareceu que ningún fose especialmente atrevido ou distinto.

—Que opcións lle ves ao Fabril no play-off contra o UCAM Murcia?

—Creo que ten opcións reais. Xa gañaron ao Avilés e ao Pontevedra na liga, e competiron moi ben contra equipos da parte alta. Os datos están aí: empataron e gañaron ao Avilés, que sería o equivalente ao UCAM no seu grupo. Son un equipo novo, con físico, con moito talento e que fai moito dano ao espazo aberto. É certo que os partidos de volta fóra da casa son duros, e os equipos veteranos saben xogar con iso, pero o Fabril pode competir con calquera. Xa o fixo o Zaragoza B o ano pasado, puxo ao Pontevedra contra as cordas. Hai moitos exemplos de que é posible.

“Non falamos aínda do futuro, pero estou moi contento e gustaríame seguir”

—O ano pasado estabas en Tercera, este ano en Segunda... Para o ano, Primeira? Ou Bergantiños outra vez?

—Como calquera adestrador, todos queremos mellorar se hai opción. Pero agora mesmo non hai nada, e tampouco sei se o haberá. Con respecto a Carballo, xa o dixen: estou moi a gusto. Aínda non falamos do futuro, seguramente agardaremos uns días para coller distancia, descansar un pouco e despois xa veremos. Pero si, gustaríame seguir.

“A afección é fiel e ruidosa, pero Carballo merece máis xente no campo”

—Unha mensaxe para a afección do Bergantiños.

—A verdade é que a xente que vén ao campo é moi fiel, e iso nótase. Incluso nos momentos complicados da tempada déronnos apoio. Non seremos moitos, pero facémonos notar. Iso si, é unha mágoa que unha vila e unha comarca como esta non teñan máis presenza nas bancadas. Hai moitos rapaces xogando na base, moitas familias, e creo que temos marxe para enganchar a máis xente. Ver ao equipo do teu pobo cada domingo debería ser algo habitual. Se medramos en masa social, seguro que tamén poderemos aspirar a obxectivos máis ambiciosos.



Reclamamos
COMPLEMENTO DE
MATERNIDAD / PATERNIDAD
675 590 964

OK LEGAL ABOGADOS

DIEGO UZAL: "CARBALLO MERECE TER UN EQUIPO EN SEGUNDA FEDERACIÓN, ISTO É UN ÉXITO"



Con 33 anos, experiencia acumulada e voz autorizada no vestiario, Diego Uzal é un dos capitáns do Bergantiños CF e unha das súas referencias. Nunha tempada marcada pola estabilidade, o compromiso e a loita ata o final, reflexiona sobre o rendemento do equipo, a esixencia da categoría e a conexión da afección co club.

“O obxectivo era manterse e cumprímolo con solvencia”

—Diego, tempada 2024/25 en Segunda RFEF, palabras maiores. Tocaré estar moi contentos, non?

—Si, sen dúbida. O obxectivo do club estaba claro dende o principio: manterse na categoría. A permanencia foi matemática esta fin de semana, pero xa a tiñamos practicamente asegurada desde hai semanas, con máis de 44 puntos. O máis importante para o Bergantiños era seguir un ano máis en Segunda RFEF.

—E ata houbo opcións de play-off...

—Tivemos momentos de altibaixos. Houbo unha serie de cinco derrotas seguidas que nos meteron abaixo, pero despois logramos seis vitorias consecutivas. Creo que a chave estivo no partido contra o Fabril en Abegondo: de ganar ahí, podíamos seguir soñando. E contra o Langreo, con un menos, tivemos ocasións para gañar, pero perdemos. Aí esfumáronse as opcións, pero o importante era salvarse.

“Este vestiario é un dos mellores grupos humanos nos que estiven”

—Como definirías este vestiario por dentro?

—Un dos mellores grupos humanos nos que estiven, sen dúbida. E levo uns cantos. Teño 33 anos e a clave estivo en como xestionamos os momentos malos. Nas cinco derrotas seguidas mantivemos a calma: xogadores, corpo técnico e directiva. Todos sabiamos que valíamos para máis, e esa unión foi fundamental.



AISLAMIENTO TÉRMICO DE FACHADA E IMPERMEABILIZACIÓN
TECHOS DESMONTABLES - PINTURA EN GENERAL
TRABAJOS EN PLADUR - TARIMAS FLOTANTES
ESCAVOLAS - ELECTRICIDAD

Os Mouróns, 24 - 15111 Buño (A Coruña) Tel.: 680 856 269 - decoracionesdavid17@gmail.com

Luis Decoraciones

Avda. de Finisterre, 17 - A CORUÑA - 881 121 750 - coruna@decoracionesluis.com
Gran Vía, 149 Bajo Dcha. - CARBALLO - 981 700 133 - info@decoracionesluis.com





—Segunda RFEF: categoría esixente, extrema...

—Si, é unha tolemia. Levo varias tempadas nesta liga e é moi estresante. Gañas dous partidos e estás preto do play-off, perdes dous e estás en descenso. Non hai termo medio. Sempre estás xogándoches algo.

“Jorge Cuesta soubo adaptarse e xestionou moi ben o grupo”

—Chegou Jorge Cuesta tras o ascenso con Secho. Como valoras o seu traballo?

—Adaptouse perfectamente ao equipo e nós a el. Soubo xestionar o grupo moi ben, e tamén transmitiu moi ben as súas ideas tácticas. Para min fixo unha tempada moi boa, sen dúbida.

—Tes 33 anos... pero queda Diego Uzal para rato?

—Creo que si. De momento véxome ben, toco madeira porque nunca tiveron unha lesión grave e normalmente xogo moitos minutos cada tempada. Os adestradores sempre contaron comigo e eu teño ilusión por seguir competindo e mellorando, incluso con 33 anos. Esa ilusión segue aí.

“A veteranía dáche intuición e saber estar, dentro e fóra do campo”

—Que achega a veteranía a un equipo?

—Moito. A experiencia permíteche intuír situacións de partido e, sobre todo, saber estar fóra do campo. Transmitirle aos máis novos a calma, o traballo, o compromiso. E iso nótase moito cando as cousas non van ben.

—Que equipo che sorprendeu máis este ano?

—A revelación para min foi o Ávila, que vén de ascender e metéronse en

play-off. A decepción, o Compostela. Por entidade e polo que representa, todos esperabamos máis. Paréceme que non merece estar onde está e deséxolles o mellor.

“A afección é fiel, pero cun campo no centro teríamos moita máis xente”

—Como valoras a afección do Bergantiños?

—É fiel, sempre está aí. O club medrou moito, cunha estrutura feminina potente e unha base que leva moitos anos traballando ben. Temos socios, temos apoio, pero creo que se o campo estivese máis no centro de Carballo, viría moita máis xente. Estar no polígono de Bértoa resta visibilidade. Aínda así, moi contentos coa xente que sempre nos acompaña.

—Levar o brazalete de capitán, que significa para ti?

—Un orgullo. O Bergantiños é a miña casa. Normalmente os capitáns son Marcos Remeseiro e Santi Canedo, pero cando me toca a min, fágoo con moito orgullo e responsabilidade.

“O club e Carballo merecen seguir en Segunda RFEF”

—E agora? Acaba a tempada e toca pensar no futuro...

—Si, aquí adoita renovarse ano a ano. Non hai contratos longos, así que toca esperar a que o club fale con nós. Pero xa dixen moitas veces que o Bergantiños é a miña casa e, seguramente, todo chegue a bo porto.

—Unha última mensaxe para a afección.

—Que sigan apoiando. Estar un ano máis en Segunda RFEF é un éxito, porque é unha categoría moi complicada. Carballo é unha vila grande, case cidade, e merece estar como mínimo nesta categoría. O club tamén. Así que que sigan vindo a As Eiroas, que isto vai medrar aínda máis.



Disponible en opción sin gluten en Coruña

Av. de Rosalía de Castro, 72
Santiago de Compostela

Tr.ª da Peregrina, 7
Bertamiráns

Rúa Juana de Vega, 17
A Coruña



DARÍO COTELO: "ESTA CATEGORÍA É UNHA TOLEMIA: PARA SALVARTE HAI QUE FACELO TODO MOI BEN"

OBergantiños volveu a Segunda RFEF cun equipo competitivo e identidade clara. A tempada 2024/25 deixou a salvación sentenciada con antelación e, por momentos, o soño do play-off pareceu posible. Darío Coteló, director deportivo, analiza os logros, as dificultades estruturais da categoría e o futuro dun club que crece con cabeza e paixón.

"Faltounos a guinda do play-off, pero a tempada foi boa"

—Darío, regreso a Segunda Federación e tempada sólida, rozando o play-off.

—O obxectivo era salvarnos, e conseguíuse. Foi unha tempada irregular: tivemos rachas boas e outras malas. Chegamos a encadear seis vitorias seguidas despois de cinco partidos sen gañar. Logo, co equipo practicamente salvado, volvemos enlazar unha serie negativa. Iso déixache unha sensación agridoce:

tiña que ser unha tempada alegre e saímos cun pequeno sabor agridoce.

—**O equipo tiña potencial para algo máis?**

—Penso que si. A plantilla era boa, longa, con xogadores de nivel. Moitos van acabar en categorías superiores. Faltounos esa guinda do play-off, esa ilusión, pero cumprimos o obxectivo.

"O traballo duro nas direccións deportivas xa comeza antes de maio"

—**Maio é un mes intenso para a dirección deportiva...**

—O traballo real comeza antes. Agora é a fase de execución: decidir quen segue, quen marcha, a quen podes fichar... E sendo realistas, non somos a primeira opción para moitos xogadores. Hai que traballar moito e con intelixencia.



serranogundin136@gmail.com
Avda. Finisterre, nº 77
Coristanco (A CORUÑA)

Teléfonos:
981 73 43 92 - 610 506 909



**EXCATRANS
ANGEL, S.L.U.**
EXCAVACIONES
TRANSPORTES

www.excatransangel.es

Rega, 24 - 15105 Bértoa - Carballo (A CORUÑA) - Tel.: 619 466 465 - excatrans.angel@gmail.com





—**Xa está confirmada a continuidade de Jorge Cuesta?**

—Non, a día de hoxe non hai nada pechado. Como os xogadores, o adestrador tamén necesita tempo para valorar.

—**“Temos unha estrutura sólida e ben organizada”**

—**O club medrou moito a nivel organizativo.**

—O Bergantiños é un club moi grande. Hai moitas licenzas, moita xente traballando. Gueli co feminino, Pose na estrutura do club, Chema nas escolas... É un club carismático na zona e, sen dúbida, un dos referentes en Galicia. Tanto en base como en feminino e primeiro equipo.

—**Pensouse en subir a Primeira RFEF?**

—Sinceramente, non ten sentido pensar niso. Os clubs que teñen que estar aí son Compostela, Pontevedra, Lugo, Racing... Se un ano logramos loitar por iso, perfecto, pero o noso obxectivo debe ser manernos en Segunda RFEF. Con iso xa debemos estar moi ledos.

—**“A Segunda RFEF está mal deseñada: é unha categoría inxusta”**

—**Que che parece a estrutura da categoría?**

—Un despropósito. Redúcense equipos, soben os descenso... A categoría é inxusta. Podes estar en play-off e baixar en dúas xornadas malas. O 33% dos equipos descenden, moitos cesan adestradores, os xogadores perden valor, soldo... É unha tolemia. A categoría non está ben feita.

—**Que solución sería boa?**

—Ampliar a 20 equipos por grupo e facer que baixen catro. Igualar os percentuais coas demais categorías. Agora mesmo é unha trampa: en Primeira e Segunda División descende o 15% ou 20%; aquí, máis do dobre.

—**E os equipos grandes tamén sofren.**

—Totalmente. Compostela descendeu. Outros como Toledo, Cornellà, Lisenense... Hai equipos históricos que caen. Se non fas unha tempada perfecta, estás no fío.

—**“Non me considero director deportivo, senón adestrador”**

—**Ti es aínda novo, pero xa fixeches de todo no fútbol.**

—Levo toda a vida no fútbol. Non sei vivir sen el. Pero non me conside-



ro director deportivo, senón adestrador. Por circunstancias persoais non me quixen meter de cheo no adestramento, pero se mañá deixo esta función e entreno a uns alevíns, serei feliz igual.

—**Non estás adestrando agora mesmo?**

—Ata o ano pasado si, uns nenos pequenos, por matar o gusanillo. Agora estou tamén con traballos para o Vizela de Portugal, así que non teño tempo. Pero quen sabe mañá.

—**“A afección é fiel. Só falta contaxiar a máis xente”**

—**Que mensaxe lle mandas á afección de Carballo?**

—Son fieis. Este ano xa se viu máis apoio mesmo en desprazamentos. Gustaríame que a xente se siga ilusionando, que anime, e que contaxien a máis veciños. Carballo é unha vila grande, e temos que encher As Eiroas como merece este club.




BERGANTIÑOS
MÁRMOLES Y GRANITOS

981 700 968 - 629 614 244

Titanio, Parc. E-6 - Polígono Bertoa
15105 Carballo (A Coruña)

info@marmolesbergantinos.es
www.marmolesbergantinos.es

NEOLITH

DEKTON

COMPAC

silestone

KRION

TECHLAM
by LEVANTINA

Guidoni



O EQUIPO FEMININO SALVOU A CATEGORÍA EN TERCEIRA FEDERACIÓN

O conxunto vermello ascendeu o pasado curso e o debut na categoría nacional foi máis que positivo.

O equipo feminino do Bergantiños FC pechou unha campaña para lembrar na súa estrea en Terceira Federación, categoría á que accedeu por primeira vez na súa historia logo dun brillante ascenso conseguido no curso 2023/24. As carballeas partiron coa permanencia como obxectivo, e conseguiron cumprilo con solvencia, nun ano cheo de dificultades pero tamén de aprendizaxes que fortalecen ao grupo de cara ao futuro.

Un curso de retos e aprendizaxes

Non foi unha tempada sinxela para o cadro bergantiñán, que tivo que convivir con numerosas lesións ao longo da campaña. Porén, o equipo mostrou unha gran madurez competitiva e pechou a liga con ilusión, asinando unha vitoria de prestixio na derradeira xornada fronte ao Sporting de Gijón (2-1). Ese triunfo foi o reflexo dun vestiario comprometido e ambicioso que xa agarda con ansia o novo curso para seguir medrando e demostrar que poden aspirar a máis na táboa.

A nivel individual, unha das grandes protagonistas foi Noelia Gómez, chegada desde o Orzán, que se converteu na máxima goleadora do equipo con 12 dianas. A atacante asinou tamén o primeiro gol da historia do Bergantiños feminino en Terceira Federación, deixando xa a súa pegada no club.

Outra figura fundamental foi Lara López, mediocentro de referencia e au-

téntico metrónomo do equipo, que acumulou máis minutos ca ningunha outra xogadora, sendo clave na estabilidade e control do xogo.

No banco tamén houbo movementos. En febreiro, José Manuel Pastoriza deixou o cargo por motivos persoais, e o relevo chegou coa incorporación de Alessandro Nogueira, que asumiu o reto de completar a tempada cun balance positivo.

Nova liga, novas incertezas

O futuro da categoría, porén, chega marcado pola controversia. A Real Federación Española de Fútbol decidiu reestruturar a Terceira Federación feminina, que pasará a ser unha liga íntegramente autonómica, con doce equipos por grupo e un por cada comunidade. Esta decisión, lonxe de ser ben acollida, espertou críticas contundentes por parte dos clubs galegos, que denuncian o sinsentido dun formato que resta competitividade e visibilidade á liga, afastando o modelo feminino da realidade.

Neste novo contexto, o Bergantiños FC tentará seguir sendo protagonista e consolidarse como un dos referentes do fútbol feminino galego. Cun bloque sólido, talento en crecemento e ambición renovada, o equipo de Carballo afronta un novo capítulo con orgullo, responsabilidade e o desexo de seguir facendo historia.

BERCAUTO

C/ Perfecto Feijoo 4
15105 Carballo - A Coruña
T. 981 702 359 - 981 757 203
bercauto@bercauto.com - www.bercauto.com

Servicio Oficial Fiat y Fiat Professional
y Servicio Postventa Alfa Romeo



La Cabaña

ASADOR LA CABAÑA

QUEREMOS QUE TE SIENTAS COMO EN CASA

**Especialista en carnes a la brasa.
Productos de la huerta y el mar**



 981 200 066

 Calle Torre, 93, 15002 A Coruña
www.asadorlacabana.es





GUELI: "O DIFÍCIL NON É CREAR UN EQUIPO FEMININO, SENÓN CONSOLIDALO E FACELO MEDRAR ANO TRAS ANO"

Miguel Ángel Coteló Couto, "Gueli", é unha das figuras clave no desenvolvemento do fútbol feminino en Carballo. Cunha estrutura que xa suma nove tempadas de traballo, o cooordinador da sección feminina do Bergantiños FC repasa unha campaña histórica, analiza os retos da nova categoría e pon o foco no futuro: a canteira.

—**Gueli, como valoras esta tempada 2024/25 en Terceira Federación?**

—Foi unha tempada histórica para nós. Levamos nove anos traballando co fútbol feminino, e estar nesta categoría era un fito moi importante. A nivel competitivo, enfrontámonos aos mellores equipos de Galicia e mesmo fóra dela, clubs con máis traxectoria no feminino. Competimos ben, aínda que tivemos moitas lesións, pero tamén quedamos cun sabor doce: debutaron varias rapazas cadetes e xuvenís, algunhas do equipo B, e fixérono moi ben.

O balance final é positivo.

—**Houbo cambios no cadro de xogadoras?**

—Si, reforzamos o equipo en varias posicións clave. Fichamos dúas portei-ras con experiencia e completamos o plantel con xogadoras novas. A idea era ter un plantel non demasiado amplo para dar entrada a xogadoras da base. O problema foi que as lesións nos afectaron moito, sobre todo no primeiro e no terceiro terzo da tempada. Tivemos que tirar da base, e aínda que com- petimos ben, botamos en falta ter máis fondo de armario para facer cambios tácticos e non só para dar descanso.

"A base é o noso futuro e a nosa ilusión: queremos un pri- meiro equipo feito na casa"

Café Colón

Colón, 7 - CARBALLO ☎ 981 702 706

BAR ESQUINA

Rúa Gran Vía, 210 - 15100 CARBALLO (A Coruña)

ISA

CANALONES
de aluminio, cobre y cinc
FABRICACIÓN EN LA PROPIA OBRA
ASTRAY



Alfoli, 7 - BETANZOS (A Coruña)



658 471 455 - 665 386 685

**—Cara onde mirades no futuro?**

—Claramente cara á base. Este ano creamos unha coordinación específica para o fútbol feminino, porque medramos nun 35-40% en número de xogadoras. Creamos un novo equipo infantil feminino, que está loitando polo título; o cadete está na fase final do galego; o Feminino B está nos postos altos da Terceira Galega. A nosa aposta é clara: queremos que o 85-90% do primeiro equipo dentro de 3 ou 4 anos estea formado por xogadoras da casa, de Carballo e da contorna. Iso é o que nos move.

“O equipo non descende e aproveitamos para dar minutos á xente nova”**—Mantedes a categoría, alegría máxima.**

—Si. Esta tempada só había un descenso, pola reestruturación da categoría. Xa na metade da liga viamos que estabamos fóra de perigo, e cando o Romanón descendeu, a permanencia quedou asegurada. Iso permitiunos darlle minutos ás máis novas, que xogaron mesmo como titulares. Foi unha oportunidade que souberon aproveitar, e para nós é un éxito tamén.

“A nova Terceira Federación será galega e perde parte do atractivo competitivo”**—Como ves a reestruturación da categoría?**

—Enténdese que co crecemento do fútbol feminino sexa necesario reorganizar o sistema de competicións. Pero a nova Terceira Federación vai ser autonómica, con só 12 equipos e 22 xornadas. Perdemos os desprazamentos a campos como Valladolid, Oviedo, Sporting, León... Perdeuse ese incentivo de competir contra grandes canteiras. Aínda que economicamente será máis asumible, as xogadoras tamén notan esa perda de motivación. Por outra banda, coa posible marcha de equipos á Segunda RFEF, vai haber moitos ascensos desde Primeira Galega, pero iso non compensa o nivel da categoría.

“O fútbol feminino está medrando moitísimo, pero precisamos apoio para seguir consolidando”**—Cando comezaches, imaxinabas chegar a este punto?**

—Fai dez anos non o crería. Crear un equipo feminino é fácil; o difícil é consolidalo. E nós levamos nove tempadas nas que sempre fomos a máis: máis fichas, mellores resultados, máis estrutura. Hai moito traballo detrás, non só por parte nosa, senón de todos os clubs que apostan polo feminino en Galicia. Por iso precisamos máis apoio: patrocinios, axudas, visibilidade...



Hoxe en día hai moitas nenas con referentes femininos, e temos que garantirles unha traxectoria deportiva digna.

“A resposta da xente é moi boa, pero queremos seguir enchendo as bancadas”**—Unha mensaxe para a afección?**

—Estamos moi agradecidos. Temos o apoio constante do club, con Chano, o presidente, sempre ao noso carón, e tamén da xente. En partidos importantes, como finais de Copa ou fases de ascenso, sentimos moito respaldo. Pero queremos máis: que nas bancadas non haxa só familiares, senón xente que veña por gusto. O fútbol feminino enganxa, e quen vén, repite. Pedimos apoio non só para o primeiro equipo, senón tamén para o infantil, o cadete, o B... Toda a estrutura precisa dese alento.

El hogar de sus marcas favoritas
con experiencia y conocimientos de color
**PRODUCTOS PROFESIONALES
PARA EXPERTOS**

Tu distribuidor de PINTURAS

DESDE 1991

La experiencia de grandes
profesionales a tu servicio.

A Telva 13, 15181 Sigrás, Cambre
 proinde@proindesi.com
 981 667 534 - 606 328 888

- REFORMAS DE BAÑOS Y COCINAS
- IMPERMEABILIZACIONES
- REHABILITACIÓN DE CASAS
- TODO TIPO DE CONSTRUCCIÓN

Fernando Couceiro Carro
696 96 86 69

Lugar de Raxas, 27 · 15319 Bergondo · fernandocouceirocarro@gmail.com



O FUTURO VÍSTESE DE VERMELLO: A BASE DO BERGANTIÑOS MEDRA CON FORZA E IDENTIDADE

O club conta con doce equipos de base, ademais da sintonía constante coas Escolas Luis Calvo Sanz.

OBergantiños FC non é só un equipo histórico en categoría nacional, senón tamén un club cunha base ampla, sólida e con moita presenza no fútbol galego de formación. Desde os máis pequenos ata os equipos de referencia, pasando polas seccións femininas, a estrutura de canteira dos carballese segue a medrar ano tras ano, formando xogadores e xogadoras, pero tamén persoas comprometidas co escudo e coa súa contorna.

Na actualidade, o club conta con tres equipos xuvenís, cinco cadetes (un deles feminino), catro infantís (incluído o feminino) e mantén unha estrutura de traballo estable e ambiciosa. Como é habitual, os equipos "A" exercen de referencia dentro da pirámide, sendo o reflexo máis directo do nivel competitivo que está acadando a canteira do Bergan.

Xuvenís e cadetes: manter a categoría e soñar con máis

O Xuvenil A competiu esta tempada no Grupo 1 da Preferente Futgal, antigo formato coñecido como Liga Galega. Non foi un ano brillante en canto a resultados, pero o equipo salvou a categoría, que era o obxectivo fundamental, e demostrou carácter en momentos decisivos.

En categoría cadete, o Cadete A tamén xogou en Preferente Futgal e mantívose sen complicacións, nun curso estable que serviu para consolidar xogadores de proxección. Máis abaixo, o Cadete C protagonizou unha das grandes alegrías da tempada, acadando o ascenso a Segunda Futgal, un éxito que fala do traballo ben feito nos equipos de formación do club.

Infantís con fame de máis: preto do ascenso e con cifras de récord.

O Infantil A quedou ás portas do play-off de ascenso á Honra.

Os carballese remataron cuartos en Preferente Futgal, a tan só un punto da

terceira praza e a dous da segunda, nun final de liga apretadísimo. Foron, xunto ao Ural, o único equipo do grupo que superou os 100 goles a favor. Dentro deste gran rexistro destacou con luz propia Mario Andrade, que foi pichichi do grupo 1 con 41 goles. Un talento en crecemento que simboliza o bo momento da canteira.

Feminino: dous equipos de Liga Galega que compiten ao máis alto nivel

No fútbol feminino de base, o Cadete feminino asinou un segundo posto no grupo 2 da Liga Galega, quedando a só tres puntos do Victoria FC, nunha loita polo título ata o final. Tamén o Infantil feminino tivo unha tempada destacada, sendo terceiras no seu grupo, a só cinco puntos dos dous primeiros clasificados: o Victoria FC e a EFF SonNoia Portus Apostoli. Estes resultados mostran o impulso que está a coller a sección feminina do club, cun traballo serio e continuo que segue a dar os seus froitos.

Veteranos con orgullo carballés

Fóra da base, pero dentro do espírito do club, cómpre tamén mencionar ao equipo de veteranos do Bergantiños, que compite na Segunda Autonómica no grupo de Santiago. Esta tempada finalizaron en sétima posición, demostrando que a paixón polo fútbol e polo escudo non entende de idades. En resumo, a base do Bergantiños FC é hoxe unha estrutura viva, en constante evolución, que combina resultados, formación e identidade. O futuro do club xa está en marcha, e vén pisando forte.



calidad & asesoramiento
profesional



MAQUINARIA, HERRAMIENTAS, BUZONES... FERRETERÍA EN GENERAL

981 701 117 - 659 426 467 / ferreteriaaran@ferreteriaaran.com / www.ferreteriaaran.com

C/ Verdillo, 13 - Bajo - 15100 Carballo
Polígono de Bértoa - Rúa do Cobre. Parc. C6C - 15105 Carballo *Visítanos*

MANU CASTIÑEIRA: A PALABRA FORMADOR TEN QUE ESTAR SEMPRE POR RIBA DA DE ADESTRADOR



OBergantiños FC vive un proceso de crecemento constante desde a base. A sintonía absoluta coas Escolas Luis Calvo Sanz, a aposta por un modelo formativo sólido e a ambición por consolidar un filial propio son claves no proxecto. Falamos con Manu Castiñeira, un dos coordinadores da base, sobre o presente e futuro dunha canteira que xa é referente en Galicia.

Unha unión que nace do traballo en común

—Manu, como foi o proceso de máis unificación entre a base do Bergantiños e as Escolas Luis Calvo Sanz?

—Son dúas directivas diferentes, pero con moita xente en común. Persoas que levan moitos anos colaborando tanto coas Escolas como co Bergantiños. A unión era lóxica: moitos xogadores que saen das Escolas acaban no Bergantiños, e tamén hai adestradores que traballan en ambos. Non o chamaría unha unificación como tal, pero si unha coordinación total para facilitar a transición dos rapaces de fútbol-8 a fútbol-11.

—En canto á estrutura por idades, seguides mantendo a distinción de nomes?

—Si, de biberón ata alevín é Escola Luis Calvo Sanz, e de infantil en diante xa é Bergantiños FC.

600 licenzas e un crecemento continuo

—Cantos equipos e xogadores xestionades actualmente?

—Agora mesmo hay entre as dúas entidades arredor de 600 licenzas, desde biberóns ata o primeiro equipo, incluíndo fútbol feminino. Hai tres equipos xuvenís, catro cadetes, catro infantís... E para o ano queremos lanzar un filial. Isto non para de medrar.

—A acollida é aberta a todos os perfís?

—Si, aquí non hai un perfil pechado. Todo rapaz que queira xogar e formar parte do club ten cabida. Despois, a nivel formativo, os adestradores van vendo os perfís e progresos a medida que soben categorías.

“O compañeirismo e a convivencia son claves”

—Que valores traballades especialmente nas idades máis temperás?

—Sobre todo o compañeirismo, a convivencia, que desfruten do fútbol. Intentamos levalos a torneos para que compartan experiencias con nenos de outras zonas e nacionalidades. Moitos veñen de lugares afastados: hai rapaces que viven a 70 ou 80 km uns dos outros.

—E iso fortalece os lazos, non si?

—Claro. Moitos non se coñecen do colexio, e ao principio custa. Pero des-

PANADERÍA
Elida Mesejo
☎ 981 702 004
A Brea, 48 - 15102 - Carballo (A Coruña)

BERLAUSER
LAVADO Y LIMPIEZA DEL AUTOMÓVIL
CITA PREVIA ☎ 617 46 98 94
Polg. Ind. de Bértoa · Rúa do Bronce
Parcela A.30.3 · CARBALLO

LOS 2 HERMANOS
LIJADO
COLOCACIÓN DE PARQUET
BARNIZADO DE PISOS DE MADERA
☎ 981 663 453
Móvil 608 583 721
Rúa Polígono, 3 - Bajo
15679 EL TEMPLE - CAMBRE (A Coruña)

ESPOREFORMAS
- FALSOS TECHOS - PINTURA
- TABIQUERÍA - REFORMAS
- ALBAÑILERÍA - DESESCOMBRO
- ALICATADOS
ESPOREFORMAS@GMAIL.COM TLF: 670 859 163

PEDRO BRANDON NEGREIRA
PINTURA Y DECORACION
☎ 606 513 836
C/ Pedra Furada, 9 - 1º
CARBALLO (A CORUÑA)



pois o fútbol dáche momentos maravillosos, como atoparte cun excompañeiro nunha vila a 40 km e lembrar tempos compartidos.

“Adestrador si, pero sobre todo formador”

—Cal é o papel do adestrador neste modelo?

—Para min é máis importante ser formador que adestrador. Mesmo en categorías xuvenís ou superiores, seguen sendo nenos en formación. Eu tamén xoguei toda a vida e tiven días malos. O importante é acompañalos no proceso.

A transición ao primeiro equipo: un salto enorme

—Como enfocades o paso da base ao primeiro equipo?

—É un salto moi grande e complicado. Vémolo mesmo en xogadores que gañaron a Youth League con Madrid ou Barça e que hoxe están en cuarta división. Entón, imaxina o salto para un rapaz de 18 anos que sae do xuvenil do Bergan. A nosa idea é ter equipos en categorías máis altas e un filial propio para suavizar ese salto. Hai xogadores que non despegan ata os 23 ou incluso os 27 anos.

—Hai perlas agora mesmo na base?

—Moitas. Desde benxamíns que destacan ata infantís que poden competir en División de Honra, ou cadetes e xuvenís con nivel altísimo. Este ano sete ou oito foron probados co primeiro equipo. Non che vou dicir nomes, pero hai talento en todas as categorías.

Un filial propio no horizonte

—O club ten pensado retomar o convenio co Sofán ou crear un filial?

—A idea é ter un filial propio, que suba ata a categoría que consideremos axeitada. Queremos controlar ese paso intermedio.

—Como é a relación co resto de escolas e clubs da contorna? Hai rivalidade ou colaboración?

—Hai rivalidade e colaboración. Teño amigos noutras escolas da Costa, e fálolles se vexo algún rapaz con nivel. E moitos tamén me chaman a min. A min encantaríame que viñeran clubs como Dépor ou Celta e levaran 10 rapaces cada ano. Iso quere dicir que estamos traballando ben. Pero tamén hai quen prefire reter o talento. Hai de todo.

Un proxecto que nace dunha paixón

—A nivel persoal, que significa para ti liderar este proxecto?

—Para min o fútbol é unha paixón desde pequeno. Xoguei toda a vida, fun presidente do Porteño, como o foi meu avó, e sempre estiven ligado ao deporte. Agora ver medrar aos rapaces, aprender, caer e erguerse, iso é o que realmente enche.

—Cando comezaches na coordinación?

—Estiven un ano como directivo e logo pasaronme a levar a base. Foi un paso natural.

—Valorades tamén a parte académica e persoal?

—É o máis importante. Hai adestradores que levan un control dos estudos dos rapaces. Axudamos no que podemos. Este ano sumouse tamén José Manuel Pose para levar a metodoloxía e dirección deportiva, e está facendo un traballo espectacular.

Un motor social para toda a Costa da Morte

—A canteira tamén funciona como motor social.

—Claro. Temos nenos de Camariñas, Cee, Vimianzo, Cerceda, Outes, Malpica, Coruña... Hai rapaces que percorren 80 km para vir adestrar. É o bonito disto: que a xente quere vir aquí, que se crea comunidade.

—Algún momento especial que recordes como coordinador?

—Moitos. Encántame ir con eles a torneos, durmir nas residencias, rirnos xuntos... E tamén momentos duros: descensos, choros... pero tamén alegrías. Iso é o que queda.

“Encantaríame ver xogadores nosos no primeiro equipo”

—Que lle dirías a un rapaz ou rapaza que soña con xogar no primeiro equipo?

—Que disfrute do fútbol, que faga amigos, que practique deporte. Levar a camiseta do primeiro equipo sería o soño, pero o salto é enorme. Estamos en Segunda RFEF, a punto de meternos en Copa do Rei, e as esixencias son altas. Pero temos que preparar o camiño para que iso sexa posible.

—Xa saíron nomes importantes da casa...

—Si. Angelino, Santi Canedo, Dani... xogadores que algúns están en Primeira, Segunda ou Europa. Son exemplos reais de que se pode.

—Queres engadir algo para pechar?

—Só dicir que este é un club en crecemento, que queremos seguir medrando, subir categorías, consolidar proxectos... e que nisto deixamos o alma. Porque para iso traballamos cada día.



Ursula Cacharrón
quiromasaje

Síguenos en  

Paseo de la Dársena 22 - 15001 A Coruña
608 001 141



Brushing x BARBERSHOP
A Coruña 1978
• Cortes & Afeitados • Caballero •

Juan Flórez, 5 - bajo (Frente al Hotel Hesperia)
15004 A Coruña
Tlf.: 981 227 942

Avenida de Finisterre, 27 · 15004 A Coruña
Tlf.: 881 962 947

Riego de Agua, 20 · 15001 A Coruña
Tlf.: 881 964 855

HORARIO:
Lunes a viernes de 9:00 a 21:00 h.
Sábados de 9:00 a 14:00 h.

CHEMA REY: "QUEREMOS QUE CARBALLO SEXA O LUGAR ONDE MEDRE O TALENTO DA COSTA"

O club conta con doce equipos de base, ademáis da sintonía constante coas Escolas Luis Calvo Sanz.



Co paso dos anos, as Escolas Luis Calvo Sanz consolidáronse como un modelo de referencia no fútbol base galego, tanto pola súa estrutura deportiva como polos valores que promoven dentro e fóra do campo. Falamos con José Rey Eirís, máis coñecido como Chema, coordinador do proxecto formativo, para coñecer desde dentro como funciona unha das canteiras máis sólidas e recoñecidas de Galicia, con presente ambicioso, pasado frutífero e un futuro cargado de ilusión.

Un proxecto con tres décadas de historia

—Chema, o primeiro: cóntanos un pouco das Escolas Luis Calvo Sanz. Sodes parte da historia do fútbol base galego e seguíde marchando de marabilla. Cántos anos levas ti xa nas escolas?

—As Escolas creáronse no ano 1995, así que levan xa trinta anos de historia. No meu caso, este é o segundo ano que estou nelas.

—Entón este é o teu segundo ano. O traballo nas escolas é moi importante para Carballo e a Costa, non?

—O importante é a formación. En Carballo temos a sorte de traballar cos equipos de iniciación, desde biberóns ata alevíns. A partir de aí, as categorías superiores de fútbol once xa as leva o Bergantiños. Nós encargámonos do fútbol oito: biberóns, prebenxamíns, benxamíns e alevíns. Traballamos centrados na iniciación e formación dos nenos.

Convenios, formación e espírito competitivo

—Tedes un convenio co Bergantiños que incluso potenciachedes nos últimos anos, verdade?

—Si. Temos un convenio para facer de equipo base e tamén para axudarnos mutuamente. Por exemplo, cando o equipo infantil precisa de nenos alevíns, procuramos axustar os calendarios para que poidan ir con eles. Axudámonos todo o que podemos.



Antonio Ruibal
QUIROPRÁCTICO

Miembro de la Asociación Española de Quiropráctica No. 1038

dr.ruibal@gmail.com www.vertebral.es

C/ Concepción Arenal, 1 -Bloque 2- 1a LA CORUÑA
Rúa Amor Ruibal, 31-1A SANTIAGO
Rúa Padres Pasionistas, 20-Bajo CALDAS DE REIS

Telf: 609 82 69 67



Statera
OSTEOPATÍA, MASAJES Y T.A.



Osteopatía, Osteopraxia Biomecánica,
Kinesiotaping, Masaje descontracturante.
Masaje Deportivo.



Ronda de Outeiro, N° 236 1° Izquierda A Coruña



644 407 730



statera.coruna



—Cal é a clave para que todo este organigrama funcione tan ben?

—Levamos anos buscando os adestradores máis axeitados para cada posto. Nos equipos “A” (alevín A, benxamín A, prebenxamín A), tentamos inculcar certo espírito competitivo, sen que o resultado sexa o máis importante, pero si que aprendan que gañar tamén forma parte do proceso. No resto dos equipos, buscamos un perfil máis puramente formador. A idea é que os equipos A recollan ese traballo e dean ese paso da iniciación á competición. Por exemplo, o alevín A é un equipo de competición puro, porque supón o salto ao fútbol once.

Referencia na Costa da Morte

—Tamén traballades en coordinación con equipos da Costa da Morte, non?

—Si. Tratamos de ter convenios con todos os equipos da zona. Sempre falamos cos clubs antes de fichar un neno. Nunca iremos buscar un xogador sen avisar antes ao equipo. Se hai nenos que queren vir a Carballo a formarse, facémolo avisando sempre.

—As Escolas poden ser un paso previo para canteiras como o Dépor ou o Celta?

—Claro. Moitas veces non se dá o caso de que un neno do Soneira ou do Ponteceso sexa visto polo Deportivo ou o Celta, porque non compiten entre si. En cambio, cando eses nenos veñen a Carballo e xogan nas Escolas Luis Calvo Sanz, enfróntanse ao Ural, ao Dépor, al Celta, ao Val Miñor... e aí cando os ven. Nós facemos o mesmo que fan os clubs grandes con nós cando precisan xogadores: sempre falando antes co equipo e coas familias.

Angeliño, Dani Tasende, Santi Canedo: nomes que deixaron pegada

—Tedes referentes como Angeliño, Dani Tasende ou Santi Canedo. Iso tamén é importante para os rapaces, non?

—Si, sen dúbida. Angeliño é o gran referente. Pero tamén saíron xogadores como Dani, que é o seu irmán, ou Martín, que chegou ao Villarreal en idade cadete. Víctor Casais tamén estivo nas nosas categorías base. Santi Canedo, que está agora no primeiro equipo do Bergan, formouse nas Escolas, pasou polo Dépor, Atlético de Madrid, Sevilla, Selección Española... e volveu a casa.

Un torneo para dar o salto

—A liga de fútbol once que organizades tamén é clave para ese paso do fútbol oito ao once, non?

—Si. Foi unha idea de José Ramón Torres Pichel e Jesús Capelán no seu intre. Os nenos levan moitos anos xogando a fútbol oito e o salto é moi grande. Por aquela tiveron unha gran idea con esta liga específica e agora é das máis importantes. Participan clubs como Deportivo, Lugo, Ferrol, Celta Ural, Pontevedra, Val Miñor... Dous grupos de doce, once xornadas. Unha preparación moi valiosa para o paso á categoría infantil. Tempada 2024/25: obxectivos cumpridos



Avda. de Razo, 120 - 15100 CARBALLO (A Coruña)
T. 981 70 39 56



—Falando da tempada actual, gañachedes a praza na nova Primeira de fútbol 8. O Alevín A fixo un gran papel, non?

—Si. Aínda que estamos centrados na formación, o Alevín A é o noso buque insignia. Este ano tiñamos que quedar arriba para competir na nova liga re-estruturada. Consequimos o obxectivo e agora estamos nunha segunda fase máis igualada. Os rapaces están competindo os sábados a fútbol oito e os domingos a fútbol once, sen parar.

—E algúns deles xa van co infantil do Bergantiños...

—Hai tres ou catro que compaxinan. Pero están encantados. Hai xogadores de verdade.

O futuro: seguir medrando con valores

—E cal é o futuro das Escolas Luis Calvo Sanz?

—Seguir consolidando o proxecto. Queremos aglutinar en Carballo aos mellores nenos da comarca de Bergantiños e da Costa da Morte. É unha zona con moito nivel. Queremos que os rapaces compitan en ligas esixentes e que vexan que hai un futuro. Sempre co permiso dos clubs. Agora mesmo temos preto de 200 fichas de fútbol oito, sen contar adestradores e delegados.

—Tamén estadeslle dando moita importancia ao fútbol feminino, verdade?

—Por suposto. No Bergantiños están os dous equipos senior, o cadete e o infantil, e nas Escolas temos un alevín. Cinco equipos femininos en total. É un proxecto que comezou hai 4-5 anos e que agora está moi arraigado. Temos referentes como Elena Vázquez, que xogou onte mesmo en Barcelona de titular co Depor. Veu entregar os trofeos no torneo Costa da Morte e foi unha revolución entre as nenas.

Elena Vázquez, símbolo dunha nova xeración

—Elena xogou ata cadetes no fútbol masculino. Iso marcou a diferenza?

—Xogar cos nenos dálle forza, contacto, golpeo... Ten moita calidade. Pode chegar moi lonxe, incluso á Champions League.

Case 200 fichas e un espírito claro

—Cantas licenzas tedes nas Escolas agora mesmo?

—Case 200 de competición. E sumando adestradores e delegados pasamos desa cifra. Temos catro alevíns mixtos, un alevín feminino, tres benxamíns



mixtos, dous prebenxamíns mixtos e un equipo de biberóns. Empezamos o ano con 13 nenos en biberóns e agora temos 28. Iso enorgullécenos moito.

—Sempre chamaron a atención os valores que inculcades. Os rapaces son modélicos en comportamento, vestimenta...

—É fundamental. A formación non é só deportiva. Inculcamos o respecto, o coidado dos vestiarios, das instalacións... Representamos o nome de Luis Calvo, que é unha referencia en Carballo, e non queremos deixar mal ese nome en ningún campo.

“Educamos en moito máis que fútbol”

—E para rematar, que mensaxe lle darías ás familias que están pensando en inscribir aos seus fillos nas escolas?

—Que aquí educamos, non só deportivamente. Procuramos ter os mellores materiais, os mellores adestradores posibles, adaptados a cada idade. Non é o mesmo un biberón que un alevín. Nos máis pequenos traballamos case como nunha gardería. Pero medramos con eles, e facémolo con responsabilidade e coidado.

Restaurante Cima

A Rega 107 15105 Bentea Carballo (A Coruña)
Telf. 699316069 - 981700175
rescima@yahoo.es

Tania Mesejo
NUTRICIÓN E SAÚDE

Tania María Mesejo Queijo
Licenciada en Bioloxía
Graduada en Nutrición Humana e Dietética
Nº Colexiado: GA00231

Plaza de Galicia, 18 baixo. Carballo

667 863 830

@taniamesejo.nutricionista

- Educación nutricional
- Sobrepeso e obesidade
- Nutrición clínica
- Patoloxías dixestivas
- Nutrición nas etapas da muller
- Nutrición infantil
- Análise e mellora de composición corporal
- Asesoramento alimentación vegana e vegetariana

Nº Rexistro Sanitario: C-15-005055.

Café Bar Cachón
TAPAS • RACIONES

R/ Anselmo Villar Amigo, 13
MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)

981 721 068
616 965 110

O FÚTBOL EN PANTALLA XIGANTE
HAMBURGUESAS E BOCATAS

café bar GALICIA

606 585 408

CARBALLO - A CORUÑA



WWW.JLPUBLICACIONES.COM

O SOÑO QUE EMPURRA DENDE CARBALLO

A Escola Lubiáns asina unha gran tempada e loitará polo ascenso a OK Liga Prata.



Hai veces que a constancia, o traballo en silencio e o amor verdadeiro por un escudo acaban por atopar recompensa. Iso é o que está a vivir esta tempada o Calvo Escola Lubiáns, que se gañou con mérito e carácter o dereito a soñar. Segundo de forma matemática no Grupo Norte da OK Liga Bronze cando aínda restan dúas xornadas, o equipo carballés disputará a fase de ascenso á segunda categoría do hóckey sobre patíns español. Un premio merecido. Un paso adiante no camiño dun club que leva décadas loitando pola base, polo territorio e por unha forma de entender o deporte con raíces e dignidade.

A campaña do Escola Lubiáns é impecable. O Jolaseta, dominador indiscutible, asegurou xa o salto directo, pero por detrás non houbo dúbida ningunha: o segundo posto pertence, con autoridade e distancia, ao equipo de Carballo. Catorce puntos por enriba do terceiro clasificado e unhas cifras que falan soas: 103 goles a favor, 66 en contra. O segundo mellor ataque e a segunda mellor defensa da competición. Pero máis alá dos números, o que distingue a este grupo é a súa maneira de competir, de sentir o escudo, de traballar cada partido como se fose unha final.

A man mestra de Carlos Loureiro é unha das claves deste curso. Regresou ao banco para levar o timón cun talento que poucos teñen. Estratéxico, profundo coñecedor do xogo e con capacidade para facer medrar a cada xogador, Loureiro é un dos grandes técnicos galegos e españois. O Escola Lubiáns é parte da súa vida, e iso nótase. Este equipo está en mans dun mestre que le os partidos como se fosen partituras. Un líder silencioso, implicado ata o último detalle, cun compromiso absoluto polo club e pola xente que o forma.

Sobre a pista, hai un nome que destaca con forza: Eudald Cañete. O seu impacto é brutal. Con 23 goles, vai a máis dun por partido e está a demostrar que ten ese algo que distingue aos grandes xogadores. Pero non está só. Diego Vieites, Dani López, Hugo Naveira, Manu Ruibal, Marcos Martínez ou Gorka Oliveira son pezas esenciais nun vestiario serio, unido e con fame de gloria. Todos eles están a asinar unha tempada sobresaliente, facendo do Escola Lubiáns un bloque temible, cun estilo recoñecible e unha paixón que contaxia.

No horizonte agarda a eliminatoria definitiva. O rival sairá do sur: o Sporting Alcoi ou o CP Alcorcón. Será a dobre partido e só un poderá ascender á OK Liga Prata. Non hai favoritos claros, pero unha cousa está clara: vencer ao Escola Lubiáns nestes momentos non será tarefa doada para ninguén. A forza emocional, o rendemento competitivo e a ambición deste equipo fano un adversario perigosísimo.

En Carballo saben que non hai atallos, que cada paso conta. Pero tamén saben que este pode ser o momento. Que este grupo de xogadores e técnicos merecen crer. Merecen loitar. E merecen gañar. Porque o que están a construír vai moito máis alá do marcador. Vai de identidade, de futuro e de soños compartidos.

A por todas, Escola. A por ese ascenso. Galicia enteira empurra convosco.



Carpintería de Madera

Remodelaciones de casas

Hacemos todo tipo de Carpintería de madera.

Vilares, 6 - SISAMO - 15106 - Carballo (A Coruña)
Tlf.: 618 583 117 maderascarcano@gmail.com



Taller de Reparación de Automóviles

686 95 90 32 - 981 73 28 85

electromecanicabalsa@gmail.com

Rúa Seixo, parcela C-23
Pol. Ind. de Bértoa - 15105 Carballo





O XIRIA NON SE RENDE: A PAIXÓN SEGUE MOI VIVA NO VILA DE NOIA

O equipo carballés pechou a tempada 2024/2025 na décima posición do grupo A de Primeira Nacional.



Existen lugares onde o deporte é moito máis ca unha actividade física. Onde un balón non é só un obxecto que se lanza, senón unha metáfora do que une, do que latexa, do que emociona. En Carballo, ese lugar existe. E leva anos escribindo a súa historia coa camiseta verde do Calvo Xiria, un club que sabe o que é tocar o ceo coas mans... e tamén o que custa volver a el.

A tempada que remata deixa un sabor a equilibrio. Un décimo posto na Primeira Nacional pode parecer discreto para quen non coñeza a alma do Xiria, pero agocha unha historia de traballo constante, de compromiso, de estrutura sólida e dun soño que, aínda en silencio, segue vivo. Porque este

equipo —dirixido por Adrián Dubra con mestría e paixón— non perdeu nunca o norte: seguir competindo, formar persoas, manter acesa a chama do balonmán en Carballo.

Hai non tanto, o Xiria estaba ás portas da División de Honra Prata, rozando a gloria en fases de ascenso que puxeron o nome do club entre os máis destacados do panorama nacional. Aquela foi unha etapa brillante, cun equipo entregado e cunha afección que soñaba a berros desde a bancada. Agora o tempo é outro, máis sereno, máis terrenal... pero igual de apaixonado. Porque cando se constrúe dende a base, con humildade e con identidade, o futuro acaba sempre por chamar á porta.

Nesta campaña, xogadores como Hugo Rodríguez —aos seus 37 anos— seguen sendo referencia de experiencia e carácter. Outros como Antonio Mato, David García Pichel ou Gabriel Castiñeiras, no pleno da madurez deportiva, ofrecen rendemento e liderado. E ao seu carón, unha xeración chea de xuventude e talento que segue medrando: Aarón Rodríguez, Carlos Varela, Diego Antelo, Senén Garea... nomes que falan do presente, pero tamén dun futuro que se xestou no traballo diario da canteira.

Porque se algo define ao Calvo Xiria é o seu compromiso coa base. Este ano, ata once xogadores foron convidados dende as categorías inferiores para formar parte do primeiro equipo: mozos como Ángel Viña, Julián García ou os irmáns Samuel e Pablo Veiga xa saben o que é compartir vestiario cos maiores, aprender, loitar e, sobre todo, sentir que a súa oportunidade está aí, á volta de cada adestramento.

O club segue a medrar, a súa estrutura medrou exponencialmente na última década, e a semente do balonmán está máis viva ca nunca nas escolas e nos equipos de base. Carballo respira este deporte, desfrútao e protéxeo como parte do que é.

O Xiria non se rende. Nin sequera cando os resultados non son espectaculars, nin cando os titulares van para outros. Porque neste recuncho de Galicia hai un equipo que sabe mirar cara adiante, que coñece a dureza da competición, pero tamén a beleza do camiño. E ese camiño, ás veces sinuoso, outras veces brillante, sempre leva á mesma meta: construír comunidade, educar en valores, loitar cada partido como se fose o último.

Volverán as fases de ascenso, volverán os anos de gloria. Pero mentres tanto, cada pase, cada gol, cada aplauso en Vila de Noia son un recordatorio de que o balonmán en Carballo está moi lonxe de ser só un deporte.

É identidade. É vida. É Xiria.



DBS MOTOR
MECÁNICA Y ELECTRICIDAD DEL AUTOMÓVIL
DAVID BOUZAS SOUTO
649 493 936

TITANIO, PARC. 7 - NAVE:4 - 15105 - POL. IND. BÉRTOA - CARBALLO



PELUQUERÍA de caballeros
Alberto

Telf. 668 55 58 70 · lg. O Curro. nº 2. 15175 Garral



DECORACIONES CARLOS

Rúa Baixa, 30 - 3º
15100 Carballo
(A Coruña)

615 98 87 21

Trabajos de:
Pintura
Tarima Flotante
Suelos vinílicos
Techos desmontables, etc.



CALVO BASKET XIRIA



UN EQUIPO DE VERDE ESPERANZA: O BASKET XIRIA PERMANECE

O Calvo Basket Xiria consolídase na Terceira FEB cunha tempada de permanencia e orgullo en Carballo.

Nun recuncho da Costa da Morte, onde a brisa atlántica mestura carácter e identidade, un equipo de baloncesto volveu demostrar que non hai reto pequeno cando se xoga coa alma. O Calvo Basket Xiria, co seu inconfundible verde sobre o parqué do pavillón Vila de Noia, completou unha tempada sólida e meritoria na Terceira FEB —a antiga e esixente Liga EBA— finalizando nun noveno posto que sabe a triunfo colectivo.

Na que foi unha das edicións máis duras do campionato a nivel nacional, o equipo carballés respondeu con oficio e corazón. Dez vitorias que certificaron a permanencia con antelación e permitiron aos de Héctor Méndez mirar cara adiante con ambición e tranquilidade. Non houbo estridencias, pero si moita verdade: compromiso, traballo e identidade local.

A columna vertebral da confianza

Nun deporte de detalles, o equilibrio sempre é cousa de líderes silenciosos e de talento sostido. Nomes como Nicolás Cebrián, Omar Thiam, Rubén Rey, Alejandro Iglesias ou Valentín Carrizo foron o eixe vertebral dun Xiria que non deixou nunca de competir. Cebrián foi o xogador máis utilizado da tempada, acumulando 769 minutos de xogo e converténdose nun auténtico metrónomo sobre a pista. Pola súa banda, Omar Thiam brillou con luz propia: máximo anotador con 382 puntos, líder en valoración (388) e dono absoluto dos rebotes, cun total de 186 capturas. Un xogador diferencial que fixo da regularidade a súa mellor virtude.

Rubén Rey, veterano da terra; Iglesias, versatilidade con moitos quilómetros; Carrizo, intensidade pura... Todos puxeron o seu para que o equipo non só sobrevivise, senón que deixase pegada.

Un grupo con acento galego

O proxecto do Calvo Basket Xiria destaca tamén pola aposta decidida polo talento de proximidade. Moitos dos integrantes da plantilla son galegos formados na contorna, como Javier González, Ignacio Luaces ou Diego Val. Outros, como Schutte ou Pau González, achegan diversidade e frescura. No banco, Héctor Méndez —nado na Coruña en 1984— segue a construír un modelo que vai máis aló das cifras: formación, integración e futuro.

Moito máis que baloncesto

En Carballo, o baloncesto leva anos sendo unha ferramenta de cohesión social. O Xiria non é só un equipo: é un reflexo da vila, un espello no que se miran os máis novos e unha bandeira que ondea con dignidade por toda Galicia e máis aló. O Vila de Noia vibra con cada partido, sexa cal sexa o rival, porque o sentimento non entende de categorías.

Remata unha tempada ilusionante e xa se pensa na seguinte. Con humildade, si. Pero tamén con confianza. Porque o verde do Xiria non é só unha cor: é unha forma de estar no mundo. E mentres siga latexando esa paixón en Carballo, o baloncesto terá casa, corazón e futuro.

LEYMA BÁSQUET CORUÑA



O SOÑO ACB DO LEYMA REMATA, PERO DEIXA UNHA SEMENTE FÉRTIL

O equipo herculino descende á Primeira FEB tras unha tempada de aprendizaxe e ilusión no Coliseum.

O Leyma Básquet Coruña viviu esta tempada a súa histórica estrea na Liga ACB, a máxima categoría do baloncesto español. Foi un fito sen precedentes para o club e para a cidade, pero tamén un reto enorme que acabou por pasar factura: o conxunto laranxa certificou o seu regreso á Primeira FEB —a antiga LEB Ouro— de maneira matemática, tras caer ante o Bilbao Basket por 79-67 a falta de tres xornadas para o final do campionato.

A experiencia na elite foi dura e deixou claro que a ACB non perdoo a máis mínima distracción. A directiva coruñesa pagou a novatada e non estivo á altura das esixencias dunha liga que obriga a tomar decisións rápidas e estratéxicas. Mentres os rivais reformulaban cadros e técnicos a comezos de decembro, no Leyma optouse por unha calma que se volveu en contra. As reaccións chegaron en febreiro, xa con poucas opcións e co equipo afundido na táboa. A pesar dos movementos, o impulso foi insuficiente.

Mais non todo foi negativo. A tempada deixa unha pegada fonda na afección e unha cidade que vibrou como nunca co baloncesto. O Coliseum chegou a rexistrar 8.000 persoas de maneira habitual, e a xente viviu partidos que ficaron para a historia, como as vitorias fronte ao Real Madrid e fronte ao FC Barcelona. Poucos equipos poden presumir de gañar aos dous xigantes nun mesmo curso, e iso non se borra.

Agora chega o momento da reflexión e da reconstrución. Volver á LEB non debe entenderse como un fracaso, senón como unha etapa máis dun camiño ascendente. Porque o Leyma está mellor ca nunca, mesmo malia descender. Hai apenas uns anos xogábase en categorías autonómicas e hoxe o club é recoñecido en toda España. Non sabemos se o regreso á ACB será inmediato, pero o que si está nas nosas mans é seguir medrando como entidade.

Neste novo escenario, cobra especial importancia a continuidade de Diego Epifanio. O técnico cometeu erros, si, pero a súa responsabilidade no descenso é relativa. Falar de 'Epi' é falar dun dos adestradores máis contrastados da categoría, cun currículo superior ao da propia traxectoria do club. Ascensos, permanencias na elite e clasificacións europeas avalan o seu traballo. Desfacerse del sería unha decisión precipitada, froito do desespero.

A afección do Leyma ten agora a oportunidade de demostrar se A Coruña quere realmente baloncesto. O soño ACB tocou á súa fin —por agora—, pero a ilusión, a paixón e a semente que se plantou deben manterse vivas. Sen sufrimento non hai crecemento. É tempo de coidar a planta, de aprender do camiño e de mirar ao futuro con cabeza fría e corazón quente.



SENRA IMPÓN A SÚA LEI NA MARIÑA LUCENSE

O de Dumbría non deu opción e gañou a proba con autoridade, deixando atrás o tropezón en Noia.

Víctor Senra sumou unha nova vitoria no Campionato Recalvi da Xunta de Galicia tras dominar de principio a fin o Rallye Mariña Lucense 2025. A bordo do Hyundai i20N WRC, o piloto mantívose firme en todos os tramos, asinando un tempo total de 52:44.124 que lle valeu para recuperar sensacións logo do abandono en Noia.

Senra non deu opcións nunha proba esixente, rápida e con presenza masiva de afeccionados. Foi superior desde o inicio e consolidou o triunfo aproveitando tamén os contratempos dos seus principais rivais. Alberto Meira, segundo clasificado, sufriu problemas mecánicos na parte final da mañá que lle impediron manter o ritmo e quedou a 51,3 segundos na xeral. Dani Berdomás, que tamén aspiraba ao podio, viuse lastrado por un pinchazo en Xove que o afastou definitivamente da loita pola cabeza. Rematou terceiro, a máis de tres minutos do vencedor.

David González e Alberto Otero completaron os cinco primeiros nunha carreira marcada pola regularidade dos favoritos e pola falta de sorpresas nas posicións altas, pero cunha loita intensa nas copas promocionais.

En Top Ten B Pirelli Driver Autia B, o triunfo foi para Celestino e Jorge Iglesias, mentres que Álvaro Castro e Ricardo Rey impuxéronse na Top Ten C. Rubén Vázquez e Alejandro Somoza lideraron o Pirelli AMF, e Miguel Gayoso con Carlos Guitián destacaron na Sandero Eco Cup Galicia. No Volante FGA volveron mandar Ángel Vizoso e Brais López, e no Criterium Recalvi impuxéronse Adrián Regueira e Sergio Fernández.

Senra reforza así o seu dominio na tempada e lanza unha mensaxe clara de cara ao que vén. A próxima cita, o Rallye de Pontevedra, marcará un novo capítulo nesta loita polo título autonómico, que volve ter un nome propio destacado: Víctor Senra.

TALLERES

EN BUENAS MANOS
 TODO PARA TU AUTOMÓVIL

TALLERES en BUENAS MANOS

Todo para tu automóvil
 @talleres.enbuenasmanos

CHAPA, PINTURA (efectos y pinturas especiales), mecánica, Electricidad del automóvil, mantenimientos, ruedas, radios, navegación, ITV
 Restauraciones y clásicos TAPICERIA (automóvil, hogar y náutica)

www.talleres-enbuenasmanos.es

Talleres.enbuenasmanos@hotmail.com

C/Edison, Nº4 - A Grela

881 99 00 92

669 54 32 97

15008 A CORUÑA



WWW.JLPUBLICACIONES.COM



CAGIAO FIRMA OUTRA EXHIBICIÓN EN TENERIFE A PESAR DUNHA AVARÍA

O líder do CERA foi segundo en terras canarias e deixa claro que é o gran favorito ao título final.

Jorge Cagiao e Javier Martínez volveron demostrar por que son unha das parellas máis sólidas do automobilismo nacional. No Rallye Internacional Villa de Adeje 2025, o campión de España en título puxo contra as cordas a Enrique Cruz durante boa parte da carreira, liderou a clasificación xeral ata o ecuador da proba e, malia unha avaría que lle custou case un minuto, foi capaz de remontar e rematar segundo, asinando os últimos catro scratches do rali.

O venres, Cagiao xa deu un golpe de autoridade no tramo máis longo da proba, "Arona-San Miguel-Vilaflor", onde sacou partido do potencial do Alpine A110 GT+ para situarse á fronte da clasificación. Rematou a primeira etapa cunha vantaxe de 6,2 segundos sobre Cruz, nun pulso que prometía manterse aberto ata o último metro.

Na segunda xornada, as sensacións continuaban sendo excelentes. No primeiro tramo do sábado, "Santiago del Teide", ampliaron lixeiramente a súa vantaxe. Pero todo cambiou no seguinte, cando un manguito do turbo do Alpine provocou a entrada en modo de seguridade. O tempo perdido foi de

56,2 segundos, un golpe duro que lles custou o liderado e que condicionou o resto da proba.

Longe de renderse, Cagiao e Martínez fixeron o que só fan os grandes: solucionaron a incidencia con medios propios e pasaron ao ataque. Foron os máis rápidos en todos os tramos restantes, deixando claro que o ritmo estaba da súa parte e que sen a avería o resultado final puido ser ben distinto. Remataron segundos, a 32,9 segundos de Enrique Cruz, gañador final cun Toyota GR Yaris Rally2 que non errou cando máis se precisaba.

Coa súa actuación, Cagiao non só suma puntos importantes para o campionato, senón que reforza a súa imaxe de piloto fiable, agresivo e competitivo, capaz de brillar mesmo nas situacións adversas. En Tenerife, volveu poñer o espectáculo e a ambición. Quedan moitas probas por diante, pero a súa candidatura para repetir título segue intacta.

A próxima cita será clave para seguir impulsando a clasificación, nun ano no que Jorge está disposto a demostrar que o éxito de 2024 non foi un episodio illado, senón o inicio dunha era.



Alquiler y venta

636 008 208

autocaravanasrumbonordes.com

rumbonordesautocaravana@gmail.com

Lugar Limiñón, 15. Abegondo



NEREA PAREDES, FISIOTERAPEUTA

"A clave dunha boa recuperación é a implicación do paciente"

Nerea Paredes leva dous anos traballando como fisioterapeuta profesional e está a piques de rematar o máster en fisioterapia deportiva. Cunha clara vocación dende pequena, aposta por un modelo de tratamento activo, baseado no exercicio terapéutico e na implicación directa do paciente. Ao longo da entrevista, fala do seu día a día na clínica na que traballa, da evolución da profesión e dos seus obxectivos de futuro no ámbito do rendimento deportivo.

— **O primeiro, Nerea, cóntanos un pouco como naceu a túa vocación pola fisioterapia.**

Pois sempre tiven claro que quería dedicarme a algo relacionado coa saúde e que me permitise axudar aos demais. Ademais, tamén me interesaba moito todo o que tivese que ver co deporte, así que a combinación perfecta era a fisioterapia. A idea de acompañar ás persoas no proceso de recuperación, especialmente no ámbito deportivo, e axudalas a volver ao seu máximo rendimento físico, sempre me pareceu algo moi bonito.

— **Como se foi desenvolvendo a túa carreira profesional?**

Tiña moi claro que quería facer Fisioterapia, aínda que non entrei directamente. Primeiro fixen un ciclo formativo, e grazas a iso puíden acceder despois á carreira, que cursei en Pontevedra. Ao rematar, empecei a traballar e levo xa dous anos de experiencia. Este ano estou rematando o máster en fisioterapia deportiva.

— **Traballas pola túa conta ou estás nunha clínica?**

Estou por conta allea, traballando nunha clínica da Coruña.

— **Que tipo de tratamentos ou técnicas adoitas empregar no teu día a día?**

Normalmente combino técnicas pasivas, como a terapia manual en padiola, coa parte que considero máis importante: o traballo activo. Baseo os tratamentos no exercicio terapéutico, planificando a progresión de cargas e individualizando o proceso segundo cada paciente. Tamén procuro que o paciente entenda ben a súa lesión, se implique no proceso e acade autonomía seguindo as pautas que lle marcamos. No caso dos deportistas, o obxectivo non é só quitar a dor, senón preparar de novo o corpo para soportar as esixencias do rendimento físico.

— **O perfil dos pacientes que atendes está moi vencellado ao deporte?**

Hai un pouco de todo. Moitas patoloxías musculoesqueléticas e tamén lesións deportivas. Por exemplo, cirurxías de cruzado, que son moi habituais no fútbol, tendinopatías, esguinces, roturas de fibras... Teño moitos pacientes vinculados ao fútbol, pero tamén outros con lesións ou cirurxías doutro tipo. Atendo todo o que teña que ver co sistema musculoesquelético e o deporte en xeral.

— **Que cres que é o máis importante para que unha recuperación sexa eficaz?**

Sen dúbida, a implicación do paciente. O que facemos na consulta é importante, pero para min a clave está no que o paciente faga no seu día a día. Seguir as pautas, respectar a progresión de cargas, manter bos hábitos e, sobre todo, ter unha boa actitude ante a lesión. Entender ben o que lle pasa, a evolución, e evitar tanto o medo ao movemento como o exceso de actividade. No deporte, cando se busca volver ao nivel de antes, a constancia e o traballo en equipo entre paciente e fisio son fundamentais.

— **Como definirías o teu espazo de traballo? Que o fai especial?**

Na clínica na que traballo hai un ambiente moi próximo e de moita confianza,



tanto entre os pacientes como cos compañeiros. Desde o primeiro momento sentíame moi ben acollida. Cos pacientes créanse relacións moi estreitas, algúns chegan a ser coma unha segunda familia. Todo ese entorno reflíctese tamén no trato que reciben e en como se senten cando veñen.

— **Cres que nestes últimos anos hai máis conciencia sobre a prevención e o autocuidado?**

En termos xerais, sí. A xente está máis concienciada e interesada en entender o funcionamento do seu corpo, en previr lesións e en coidarse, tanto cando teñen dor como a nivel de mobilidade ou rendimento. Agora é máis habitual ver deportistas afeccionados buscando mellorar sen lesionarse, ou persoas que acoden ao fisio por cuestións preventivas.

Aínda así, queda moito por facer. Aínda hai quen pensa que a fisioterapia é só para aliviar a dor na camilla, e nada máis. Temos aínda traballo por diante.

— **Que lle dirías a alguén que leva tempo cunha dor ou unha lesión sen tratar?**

Que non espere máis. A dor crónica é outro tipo de dor, pero non debería aceptarse como algo normal. Pode e debe tratarse canto antes. Cun bo diagnóstico e un plan adaptado, pódense conseguir melloras moi importantes e gañar en calidade de vida, incluso en casos que levan anos.

— **Tes algún obxectivo de futuro ou ilusión especial ligada á fisioterapia?**

Gustaríame moito dedicarme plenamente ao ámbito deportivo, formar parte dun equipo técnico dun club ou dun grupo de traballo de alto rendimento. Apaixoname acompañar os deportistas nas distintas etapas: prevención, recuperación, competición... Tamén teño un interese especial nos deportes acuáticos, como o surf, e encantariame especializarme nese ámbito.



- Desatascos con camión cuba etiqueta ECO
- Vaciado y aspirado de agua en garajes
- Vaciado de fosas sépticas
- Inspección de tuberías con videocámara en redes de saneamiento y shunts de ventilación
- Aspirado de agua en fosos de ascensor y fosos de bombas



- Fontanería
- Albañilería
- Pintura
- Trabajos verticales

PROLONGACIÓN JUAN DE LA CIERVA, NAVE 8
15008 LA CORUÑA
Tlf.: 981 233 620 - 669 356 501
incidencias@blancosan.com
Urgencias: 698 167 775 www.blancosan.com



Nuestros Clientes, Nuestra Mejor Garantía



Rio Sil



boi

Xornadas Gastronómicas

a partir do 10 de maio

981 700 478 / reservas@riosil.gal